



**Concello de Vigo**

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
Sesión do 29 de novembro de 2019**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D. Carlos López Font  
D. Jaime Aneiros Pereira  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Abel Losada Álvarez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e nove de novembro de dous mil dezanove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1031).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 22 de novembro de 2019. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(1032).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS (RELACIÓN 10/2019). EXPTE. 12511/111.**

Dáse conta do informe-proposta do 19/11/19, asinado polo xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:  
Relación X.G.L. n.º 10/2019

1.- Contencioso. Expediente nº 11259/111  
Sentenza nº 347 do 31 de outubro de 2019  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo  
Ordinario: 48/2018  
Demandante/Recorrente: Empresa  
Obxecto: resolución ditada o 14/11/2017 polo Tribunal Económico Administrativo, sobre liquidación provisional pola regularización da situación tributaria.  
Expte(s): 4486/550 - 117/504  
Contía: 30.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con imposición de custas á demandante. A sentenza declara que a liquidación tributaria en concepto de IAE resultante dun procedemento de verificación de datos se axusta ao ordenamento xurídico e que non lle é de aplicación á mercantil a Regra 14.3 da Instrucción das tarifas do imposto.

A Administración de Tributos (IAE) e o Tribunal Económico-Administrativo deben coñecer o resolto.

2.- Contencioso. Expediente nº 11716/111  
Sentenza nº 278 do 12 de novembro de 2019  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Ordinario: 366/2018  
Demandante/Recorrente: Empresa  
Obxecto: inactividade do Concello de Vigo referida ao incumprimento das obrigas de pago derivadas da prolongación da prestación do servizo. Contrato xestión do servizo público de estacionamento regulado mediante expendedores de tickets na vía pública?  
Contía: 1.379.965,40 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.  
O departamento de Seguridade e o de Contratación deben coñecer o resolto.

3.- Contencioso. Expediente nº 12157/111  
Sentenza nº 269 do 7 de novembro de 2019  
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo  
Abreviado: 180/2019  
Demandante/Recorrente: Particular  
Obxecto: resolución do Concello de Vigo de data 25/02/2019 desestimatoria do recurso de reposición de reposición formulado contra outra que obriga a identificar ao condutor e impón sanción de multa de 900 euros.  
Expte(s): 178711660

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula a resolución sancionadora recorrida e impón as custas, taxadas.  
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben executar o resolto.

4.- Contencioso. Expediente nº 12182/111  
Sentenza nº 267 do 7 de novembro de 2019



## Concello de Vigo

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 194/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo que impón sanción por circular con exceso de velocidade.

Expte(s): 2018/17848

A sentenza que é firme, desestima o recurso contra a resolución do concelleiro da Área de Seguridade e Mobilidade no expediente 2018/17848 que impón unha multa por exceso de velocidade, con imposición das custas ao recorrente.

Debe coñecer o resolto a Área de Mobilidade de Seguridade.

5.- Contencioso. Expediente nº 12201/111

Sentenza nº 272 do 7 de novembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 202/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: resolución desestimatoria da solicitude de resolución do contrato administrativo, de mutuo acordo, da prestación dos servizos de control de acceso e atención ao público nas dependencias de Vigozoo.

Expte(s): 7144/612 e 9429/612

A sentenza que é firme, desestima o recurso contencioso administrativo contra o acordo da XGL do 14.03.2019 que entre outras cuestións, desestima a petición da empresa contratista de resolver o contrato de servizo de control de acceso e atención ao público en Vigozoo de mutuo acordo.

Impón as custas a parte recorrente ata o límite máximo de 400 euros.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Medioambiente.

6.- Contencioso. Expediente nº 12224/111

Sentenza nº 334 do 28 de outubro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 201/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do 09/04/2019 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra decreto de imposición de sanción por importe de 300 euros e retirada de 2 puntos do carnet de conducir por infracción tráfico.

Expte(s): 2018/06229

A sentenza, que é firme, desestima o recurso contra a resolución do 9/04/2019 ditada pola Área de Seguridade e Mobilidade desestimatoria do recurso de reposición contra o decreto que sancionaba o exceso de velocidade con 300 euros e 2 puntos, impoñéndolle as custas á parte actora.

Debe coñecer o resolto á Area de Seguridade e Mobilidade.

7.- Contencioso. Expediente nº 12230/111

Sentenza nº 351 do 6 de novembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 198/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución ditada pola Tesourería-Recadación executiva do Concello de Vigo, desestimatoria do recurso de reposición formulado por embargo de conta corrente.

Expte(s): Nº 178690934, 178690935, 178691090, 178691091, 178711128

A sentenza que é firme, estima o recurso contra a resolución de 8/03/2019 do Tesoureiro Municipal que desestima o recurso de reposición contra a dilixencia de embargo ditada en relación con varios expedientes sancionadores en materia de tráfico, ordenando a retroación das actuacións e impoñéndolle as custas á administración demandada.

Debe coñecer o resolto o Servizo de Seguridade e o de Recadación Executiva

8.- Contencioso. Expediente nº 12245/111

Sentenza nº 356 do 6 de novembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 220/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo que acorda a imposición de multa por importe de 300 euros pola comisión dunha infracción de tráfico

Expte(s): 2018/23340

A sentenza, que é firme, desestima o recurso contencioso administrativo interposto contra a resolución do concelleiro da Área de Seguridade e Mobilidade que impón unha sanción de 300 euros, por non identificar ao conductor logo do requirimento ao efecto, sen imposición de custas.

Debe coñecer o resolto a Área de Seguridade e Mobilidade

9.- Contencioso. Expediente nº 12246/111

Sentenza nº 270 do 7 de novembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 223/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución desestimatoria do recurso de reposición formulado no expediente sancionador

Expte(s): 2018-07630

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-recadación municipal deben coñecer o resolto (sanción xa aboada o 06/05/2019).

10.- Contencioso. Expediente nº 12258/111

Sentenza nº 353 do 6 de novembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 226/2019

Demandante/Recorrente: Particular



## Concello de Vigo

Obxecto: resolución do 28/12/2018, ditada no expediente sancionador que impón multa 900 euros, por falta moi grave.

Expte(s): 0188606067

A sentenza que é firme, desestima o recurso contencioso administrativo interposto contra a resolución do concelleiro da Área de Seguridade e Mobilidade do 28.12.2018 que impón unha sanción de 900 euros, por non identificar ao conductor logo do requirimento realizado, sen imposición de custas.

Debe coñecer o resolto a Área de Seguridade e Mobilidade.

11.- Contencioso. Expediente nº 12359/111

Auto nº 103 do 5 de novembro de 2019

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 293/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do 19/09/2019 que declara a inadmisibile o recurso extraordinario de revisión formulado en expediente sancionador.

Expte(s): 42704-700

Declara a terminación do procedemento polo recoñecemento en vía administrativa das pretensións da demanda (resolución revogatoria do 24/10/2019).

O departamento de Seguridade e a tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto e executar o acto administrativo revogatorio (con devolución de ingresos indebidos).

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso desta administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

#### PROPOSTA DE ACORDO

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(1033).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DO SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO. EXPTE. 16564/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 25/11/19, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación de data 21/11/19, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 21 de novembro de 2019, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

#### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.564-77)



## Concello de Vigo

### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 3 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“1º Aprobar o expediente de contratación (16564/77) por procedemento aberto simplificado de tramitación ordinaria do “SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO”.*

*2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 20 de setembro de 2019 e o prego de cláusulas administrativas de 20 de setembro de 2019, que rexerán a contratación do “SISTEMA DE ALARMA ANTIRROUBO CON VIDEOVIXILANCIA NOS CENTROS DE EMPREGO”.*

*3º.- Aprobar o gasto de 4.390,84 € , para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia, con cargo á aplicación orzamentaria 2410 22779900 (PRESTACIÓN DE SERVICIOS TÉCNICOS (P.EMPREGO), do orzamento do Concello de Vigo distribuídos do xeito seguinte:*

- 548,85 € correspondentes aos meses de outubro a decembro de 2019
- 2.195,42 € correspondentes aos meses de xaneiro a decembro de 2020
- 1.646,56 € correspondentes aos meses de xaneiro a setembro de 2021

*4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida”.*

**Segundo.-** A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 11 de novembro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

*“Primeiro.- Excluir a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L. por exceder a súa oferta o orzamento base de licitación (motivo e exclusión previsto no artigo 84 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e na cláusula 14.2B do prego de cláusulas administrativas particulares).*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.564-77) na seguinte orde descendente:*

	<b>Licitador</b>	<b>Puntuación</b>
1	ALCOR SEGURIDAD, S.L.	94 puntos

*Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SEGURIDAD, S.L., para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia:*

- *Acreditación da constitución garantía definitiva.*

- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica e da habilitación profesional esixidas no apartado 5 do Anexo I -FEC-.*
- *Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo VI".*

**Terceiro.-** Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SEGURIDAD, S.L., o día 12 de novembro de 2019, que presenta a documentación requirida o 18 de novembro de 2019, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 21 de novembro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ALCOR SEGURIDAD, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ALCOR SEGURIDAD, S.L., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo valor de data 5 de novembro de 2019 e co acordo da Mesa de Contratación, de data 11 de novembro, polo que se outorga a este licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.





## Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

*“Adxudicar a ALCOR SEGURIDAD, S.L. con CIF B-27.382.175 o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do sistema de alarma antirroubo con videovixilancia nos centros de emprego (16.564-77) por un prezo total de 3.872,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 672,00 euros e coas seguintes condicións:*

*1.- Propón a instalación e mantemento dos seguintes sistemas de gravación:*

- *6 módulos antisabotaxe*
- *8 detectores volumétricos*
- *Incrementa o número de cámaras de videovixilancia sobre o mínimo esixido no PPT (5 cámaras) en 7 cámaras*
- *Unha plataforma de xestión de videovixilancia remota:*
  - *Con acceso desde móbil á plataforma*
  - *Con xestión de cámaras remota*

*2.- Propón un tempo de resposta ante avarías de 2 horas e 59 minutos.*

*3.- Propón unha periodicidade trimestral nas revisións e control de todos os medios de seguridade.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(1034).- DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DO SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES DEPORTIVOS E LESIÓNS DEPORTIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS. EXPTE. 3152/611.**

Dáse conta do informe-proposta de data 22/11/19, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa do servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto dunha póliza de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas

## **ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 31 de outubro de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dunha póliza de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas.

**Segundo.-** A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 6 de novembro de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 20 de novembro.

**Terceiro.-** Indica o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 22 de novembro de 2019:

*“Que durante o prazo sinalado no anuncio do Concello de Vigo para a presentación de proposicións publicado na Plataforma de Contratación do Estado o 06/11/2019 para a contratación por procedemento aberto da “Prestación de servizos de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas do Programa Municipal de Escolas Deportivas, promovido pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo” EXPTE. 3152-611 que rematou o día 20 de novembro do presente ano; consultada a aplicación informática de xestión de expedientes non se presentou ningunha empresa”.*

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Único.-** Establece o artigo 150.3 da LCSP que o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación e non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

“A sensu contrario”, o órgano de contratación poderá declarar deserta unha licitación ben cando no se teñan presentado ofertas, ben cando estas non sexan admisibles conforme aos pregos.

Dado que non se presentou ningunha proposición a esta licitación, tal e como se indica no certificado expedido polo Rexistro xeral de data 22 de novembro de 2019, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, proponse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:



## Concello de Vigo

*“Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dunha póliza de seguro colectivo de accidentes deportivos e lesións deportivas para o desenvolvemento do programa municipal de escolas deportivas (3.152-611) por non terse presentado ningunha proposición”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(1035).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TACGAL POLA QUE SE DESESTIMA O RECURSO ESPECIAL PRESENTADO CONTRA A APROBACIÓN DOS PREGOS DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO EN MUSEOS. EXPTE. 2299/341.**

Dáse conta do informe-proposta de data 25/11/19, asinado pola xefa do servizo de Contratación, que di o seguinte:

*“1º.- Tomar razón da Resolución nº 259/2019 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 292/2019, interposto por por EULEN S.A. contra os pregos e o acordo de 22.10.2019 ditado no procedemento para a contratación duns servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais, expediente 2299-341 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.*

*Transcríbese a continuación o acordo:*

- 1. Inadmitir o recurso interposto por EULEN, S.A. contra os pregos e o acordo de 22.10.2019 ditado no procedemento para a contratación duns servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais, expediente 2299-341 do Concello de Vigo.*
- 2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.*

*2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno Local queda informada.

**6(1036).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROGRAMA MUNICIPAL CIRCUÍTO DE CARREIRAS POPULARES “RUNRUNVIGO 2020” E DOTACIÓN DE PREMIOS EN METÁLICO PARA OS PARTICIPANTES”. EXPTE. 19190/333.**

Visto o informe xurídico de data 18/11/19 e informe de fiscalización de data 20/11/19, dáse conta do informe-proposta do 15/11/19, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- Antecedentes:**

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuítio de carreiras populares da Cidade de Vigo “RunRunVigo”. Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

Este programa ten entre os seus fins fundamentais dar un novo pulo ó atletismo popular da cidade de Vigo. Desde a Concellería, co pleno convencemento do beneficio que supón a práctica do deporte para a cidadanía en xeral, continuando co traballo de dinamización do deporte popular, da un xiro ó circuítio de carreiras populares na súa edición do ano 2020.

No ano 2020, o proxecto cumpre a súa décimo primeira edición, o que o converte nun dos grandes atractivos do ámbito do atletismo popular na cidade de Vigo ó longo do ano.

O programa RunRunVigo, que se desenvolve na da cidade de Vigo, estará configurado por 12 tradicionais probas que se celebran ó longo do ano 2020 dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras.

PROBA
Subida ao Castro
Medio Maratón e Maratón Vig Bay
HappyGoRunning – Cidade Universitaria
Carreira da Cereixa
Carreira Nocturna Correndo por Vigo
Carreira Nocturna de San Xoán
10 Km. Xorn. Marisqueiras do Berbés
Vigo+11
Vigo Contra el Cáncer
Carreira solidaria Érguete e corre
Carreira do Calvario
Carreira popular 10K de Teis



## Concello de Vigo

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuío, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no mesmo para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras ó tempo que a mesma servirá para establecer ó final do circuío os gañadores e gañadoras e primeiros clasificados/as no “Circuío RunRunVigo”.

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do “Circuío”, polo cal dende a Concellería de Deportes se propón o outorgamento duns premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuío.

Para a clasificación final das carreiras que integran o circuío 2020, que remata no mes de novembro de 2020, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 6.000,00 €.

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-5 e M-5	300,00 €	200,00 €	100,00 €

En relación ás retencións obrigatorias por Lei, atenderase ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, tendo en conta o establecido no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que “No existirá obrigación de practicar retención o ingreso a conta sobre as rentas seguintes: ....f) os premios.....cunha base de retención no sexa superior a 300€”.

## **II- PROGRAMA MUNICIPAL RUNRUNVIGO 2020:**

### **1.- PROBAS:**

PROBAS
Subida ao Castro
Medio Maratón e Maratón Vig Bay
HappyGoRunning – Cidade Universitaria
Carreira da Cereixa
Carreira Nocturna Correndo por Vigo

Carreira Nocturna de San Xoán
10 Km. Xorn. Marisqueiras do Berbés
Vigo+11
Vigo Contra el Cáncer
Carreira solidaria Érguete e corre
Carreira do Calvario
Carreira popular 10K de Teis

\*Se por calquera causa algunha das probas non se celebra ou non cumpre cos criterios establecidos para formar parte do circuito, o Concello de Vigo terá a potestade de integrar no circuito unha proba alternativa, ou reducir o nº de probas que o conforman.

## **2.- CATEGORÍAS PARTICIPANTES:**

Femininas	Masculinas	Ano de nacemento
F-1	M-1	Entre 1981-2000 (ambos incluídos)
F-2	M-2	Entre 1971-1980 (ambos incluídos)
F-3	M-3	Entre 1961-1970 (ambos incluídos)
F-4	M-4	Entre 1956-1960 (ambos incluídos)
F-5	M-5	1955 ou anteriores

Os/As atletas quedarán inscritos a efectos de clasificación no circuito por ano de nacemento.

O/A atleta que, a nivel federativo, por cuestións relacionadas coa súa data de nacemento, cambie de categoría en parte das probas, puntuará, a efectos do circuito, na categoría inicialmente inscrito.

Os/As atletas das categorías 2, 3, 4 e 5 poderán competir na categoría 1 unicamente se o especifican por escrito á organización do circuito ([vide@vide.es](mailto:vide@vide.es)) antes da celebración da segunda proba do circuito.

## **3.- INSCRICIÓN NO PROGRAMA MUNICIPAL “CIRCUITO DE CARREIRAS POPULARES RUNRUNVIGO 2019”:**

- a) **Automática:** Os/as participantes inscritos/as en calquera das probas quedarán incluídos automaticamente no circuito RunRunVigo 2020 salvo petición contraria escrita dirixida polo/a atleta á organización do circuito.
- b) **Gratuíta:** A inscrición no circuito é gratuíta.
- a) **Independente:** A inscrición no circuito RunRunVigo 2020 é independente da que se realiza en cada unha das probas. Polo tanto, independentemente de estar inscritos no circuito, o/a atleta deberá formalizar a inscrición en cada unha das probas segundo as



## Concello de Vigo

normas específicas de cada unha delas.

- b) **Clasificación de equipos:** Haberá unha clasificación final por equipos. Os equipos interesados en participar nesta clasificación, deberán remitir á Fundación Vide unha solicitude de participación nesta clasificación, co listado de atletas (Nome, apelidos e dni) que queiran que puntúen nela. Os/as atletas comezarán a puntuar nesta clasificación desde a carreira seguinte na que foron inscritos como parte do club. O prazo para inscribir atletas nos equipos rematará o día anterior ó peche da inscrición na terceira carreira do circuíto, momento no que quedará pechada a configuración de todos os equipos.

### 4.- PUNTUACIÓNS DAS PROBAS:

Os e as participantes no circuíto irán conseguindo puntuacións en cada unha das probas, as cales irán sumándose. A puntuación sairá da clasificación particular por categoría dos inscritos no circuíto segundo os postos en cada proba do circuíto.

PUNTUACIÓNS POR PROBA		
	Dist. Longa	Dist. Curta
1º clasificado/a	250 puntos	120 puntos
2º clasificado/a	200 Puntos	90 Puntos
3º clasificado/a	150 Puntos	75 Puntos
4º clasificado/a	125 Puntos	60 Puntos
5º clasificado/a	100 Puntos	50 Puntos
6º clasificado/a	90 Puntos	45 Puntos
7º clasificado/a	80 Puntos	40 Puntos
8º clasificado/a	75 Puntos	35 Puntos
9º clasificado/a	70 Puntos	30 Puntos
10º clasificado/a	60 Puntos	20 Puntos
11º-15º clasificado/a	35 Puntos	15 Puntos
16º-20º clasificado/a	30 Puntos	8 Puntos
21º-50º clasificado/a	20 Puntos	5 Puntos
51º-150º clasificado/a	15 Puntos	3 Puntos
151º-300 clasificado/a	8 Puntos	2 Puntos
301º-600 clasificado/a	5 Puntos	1 Punto
601º-900 clasificado/a	3 Puntos	1 Punto
901º-1200 clasificado/a	2 Puntos	1 Punto
>1200 clasificado/a	1 punto	1 punto

As carreiras que desenvolvan dúas distancias competitivas cronometradas mediante o sistema de chip a través da plataforma oficial, terán unha dobre clasificación a efectos do circuíto, de forma que os/as atletas que participen nas distancias curtas puntuarán segundo o establecido na táboa.

### 5.- CONTROL E XESTIÓN DE RESULTADOS:

O Control e xestión dos resultados das probas estará centralizado a través dunha plataforma única. O Concello de Vigo, actualizará as clasificacións cos datos aportados por cada unha das probas, e publicará a clasificación.

O Concello de Vigo non se fai responsable dos posibles erros nas clasificacións remitidas

por cada un dos organizadores das probas.

## **6.- PREMIOS FINAIS POR CATEGORÍAS:**

6.1.- Os premios en metálico ós/ás gañadores/as do circuío outórganse con independencia dos que cada unha das probas entrega ós mesmos.

Categorías*	1º Clasificado/a	2º Clasificado/a	3º Clasificado/a
F-1 e M-1	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-2 e M-2	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-3 e M-3	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-4 e M-4	300,00 €	200,00 €	100,00 €
F-5 e M-5	300,00 €	200,00 €	100,00 €

\*Para ter dereito ó premio metálico, o/a atleta deberá ter rematadas como mínimo 8 probas, e a categoría deberá contar cun mínimo de 5 atletas inscritos/as que remataran polo menos 8 probas. Nas categorías F-3, F-4, F-5 e M-5, as/os atletas deberán ter rematado polo menos 6 probas, aínda que non haberá participación mínima esixida na categoría para optar ós premios en metálico. A estes importes aplicaranse as retencións obrigatorias por lei.

- Criterios de desempate: En caso de empate, utilizaranse os seguintes criterios no orde que se detalla en caso de persistir o empate:
  - 1º criterio: Nº de probas disputadas ó final do circuío.
  - 2º criterio: Nº de probas gañadas.
  - 3º criterio: Mellor posto na derradeira carreira do circuío.
- Galardóns para campións e campioas do circuío RunRunVigo 2020: ó remate do circuío, farase entrega nun acto de clausura do campionato dos premios correspondentes ós gañadores e as gañadoras do Circuío RunRunVigo 2020 en cada unha das categorías.

## **6.2.- PREMIO MELLOR EQUIPO DO CIRCUÍTO RUNRUNVIGO 2020:**

A organización outorgará o trofeo ó mellor equipo do circuío 2020. Na clasificación de entidades, irán computando os puntos que consigan os e as atletas de cada un dos equipos inscritos formalmente segundo as condicións establecidas no apartado 3 deste regulamento.

## **7.- RECLAMACIÓNS:**

Os participantes no circuío terán 5 días naturais desde a publicación da clasificación de cada unha das probas para remitir por escrito calquera reclamación á dirección de correo electrónico: [vide@vide.es](mailto:vide@vide.es)





**Concello de Vigo**

### **8.- INFORMACIÓN XERAL DO CIRCUITO RUNRUNVIGO 2020:**

- a)Dispoñíbel en [www.runrunvigo.com](http://www.runrunvigo.com), [www.vide.es](http://www.vide.es) e na web oficial da empresa cronometradora do circuito.
- b)A listaxe coas puntuacións parciais da cada un dos e das participantes exporase na web do circuito [www.runrunvigo.com](http://www.runrunvigo.com) e na da Fundación VIDE ( [www.vide.es](http://www.vide.es) ).

### **III.- APLICACIÓN DOS PREMIOS EN METALICO.**

Coa finalización das probas do Circuito RunRunVigo 2020, será tramitado por parte da Concellería de Deportes o correspondente expediente para a aprobación dos premios en metálico vinculados ó citado circuito.

Os premios en metálico previstos do circuito RUNRUNVIGO 2020, ao tratarse de premios deportivos concedidos segundo unha clasificación xeral de todos os participantes nas carreiras incluídas no circuito de carreiras RUNRUNVIGO 2020, non teñen directamente a consideración de subvencións, polo tanto, outorgaranse sen a previa solicitude dos interesados, consonte ao disposto no artigo 4 da LXS.

Para afrontar o gasto derivado do presente expediente, deberase imputar o mesmo ao capítulo IV do orzamento, polo cal, tendo en conta que a proposta do gasto derivada do correspondente expediente, no cal se propoña os gañadores do circuito de carreiras RUNRUNVIGO 2020, será desenvolto ó remate do circuito, a proposta de autorización do gasto será sobre a aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 do orzamento do ano 2020.

### **IV.- PROPOSTA:**

Tendo en conta os antecedentes descritos, e atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, previo informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o Programa Municipal Circuito RunRunVigo 2020.

Segundo: Autorizar o gasto polo importe de 6.000,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do “RunRunVigo 2020”, a aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.489.00.01, do orzamento do ano 2020.

Terceiro: Proceder á publicación Programa Municipal Circuito RunRunVigo 2020, no entorno WEB [www.runrunvigo.vigo.org](http://www.runrunvigo.vigo.org), [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e [www.vide.es](http://www.vide.es)

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(1037).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE MARIÑEIROS ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE BOUZAS” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA E DAS EMBARCACIÓNS MUNICIPAIS. EXPTE. 16374/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 20/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 21/11/19, asinado pola técnica de xestión, a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/2019), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o 12/03/2019 (W330578-6959), a ASOCIACIÓN DE MARIÑEIROS ARTESANAIS DE VIGO (NIF: G36799351), achegou escrito solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para difusión da cultura mariñeira.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, D Jenaro Jose Valcarce Campos, o representante da entidade para a sinatura do convenio.

III. A entidade, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalment, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria:

Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 20/09/2019
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 20/09/2019
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 20/09/19
- Certificado do Concello de Vigo, de data 23/09/2019

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración
2. Datos do representante legal
3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo
6. Datos da titularidade da conta bancaria.



## Concello de Vigo

7. Orzamento equilibrado de ingresos e gastos

8. Memoria de actividades.

IV. A entidade figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 490/96.

V. O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 2410 4890001 “Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais”, cunha dotación orzamentaria de 10.000,00 €.

VI. Con data 25/06/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo, expídese certificación de data 23/09/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 20/11/2019 emítense informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal concluíndo que:

*“En todo caso o Servizo Xestor, con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, debe acomodar o prazo máximo de xustificación previsto na cláusula noveno, 11 de novembro de 2019, ás datas actuais.”*

De conformidade co solicitado, se acomoda o prazo máximo de xustificación ás datas actuais, quedando así emendada a observación feita polo servizo de intervención.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

#### I. Obxecto:

O presente expediente ten por obxecto a aprobación do convenio de colaboración coa “Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas” no marco do plan municipal de emprego, para a conservación e difusión da cultura mariñeira e mantemento das embarcacións municipais.

En cumprimento do disposto no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 49 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización e o expediente incorpora as preceptivas certificacións de estar ao corrente coa Tesourería Xeral da SS.SS., AEAT e Axencia Tributaria de Galicia.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

## II. Competencia para a actividade de fomento do emprego:

A lexislación vixente, e en particular a Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostiñabilidade da Administración Local, modificatoria da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencias municipais propias dos concellos as seguintes (artigo 25.2 da Lei, na súa nova redacción):

*“El Municipio ejercerá **en todo caso, como competencias propias**, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:*

- a) Urbanismo: planeamiento, gestión, ejecución y disciplina urbanística. Protección y gestión del patrimonio histórico. Promoción y gestión de la vivienda de protección pública con criterios de sostenibilidad financiera. Conservación y rehabilitación de la edificación.*
- b) Medio ambiente urbano: en particular, parques y jardines públicos, gestión de los residuos sólidos urbanos y protección contra la contaminación acústica, lumínica y atmosférica en las zonas urbanas.*
- c) Abastecimiento de agua potable a domicilio y evacuación y tratamiento de aguas residuales.*
- d) Infraestructura viaria y otros equipamientos de su titularidad.*
- e) Evaluación e información, de situaciones de necesidad social, y la atención inmediata a personas en situación o riesgo de exclusión social.*
- f) Policía local, protección civil, prevención y extinción de incendios.*
- g) Tráfico, estacionamiento de vehículos y movilidad. Transporte colectivo urbano.*
- h) Información y promoción de la actividad turística de interés y ámbito local.*
- i) Ferias, abastos, mercados, lonjas y comercio ambulante*
- j) Protección de la salubridad pública.*
- k) Cementerios y actividades funerarias.*
- l) **Promoción del deporte e instalaciones deportivas y de ocupación del tiempo libre.***
- m) **Promoción de la cultura y equipamientos culturales.***
- n) Participar en la vigilancia del cumplimiento de la escolaridad obligatoria, y cooperar con las Administraciones educativas correspondientes en la obtención de los solares necesarios para la construcción de nuevos centros docentes. La conservación, mantenimiento y vigilancia de los edificios de titularidad local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria o de educación especial.*
- ñ) Promoción en su término municipal de la participación de los ciudadanos en el uso eficiente y sostenible de las tecnologías de la información y las comunicaciones.*

No exercicio das competencias propias e buscando, ao mesmo tempo, un mellor aproveitamento dos recursos municipais, o Concello de Vigo recoñece á cidadanía o dereito fundamental a participar directamente na actividade da administración municipal, a través de procesos de colaboración co tecido asociativo local.

Neste senso, o Concello de Vigo ten constancia da existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto de ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas e culturais, etc., canalizan os intereses da poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, cooperando co Concello na mellora do progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.



## Concello de Vigo

Dentro dese tecido social que se forma nos nosos barrios e parroquias, e que conforman a nosa cidade, é de salientar a participación no fomento da cultura mariñeira da Asociación de Mariñeiros e Deportivos de Bouzas, Asociación que ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xeral de vital importancia no desenvolvemento da cidade de Vigo, na recuperación dalgunhas embarcacións tradicionais de uso cotiá na bisbarra viguesa.

Constitúen, daquela as asociacións en xeral e a Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas en particular, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles aos que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

Atendendo ao Regulamento de Participación Cidadá, a “Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas” está inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadáns co número 490-96. Dende a súa constitución, estableceu, dende a súa constitución, como obxectivos prioritarios, fomentar a conservación, defensa e coñecemento da cultura mariñeira tradicional e do medio natural.. De feito así están recollido nos propios Estatutos nos que se establecen fins sociais como:

- *Levar a cabo actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.*
- *Coñecemento do litoral, praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación de nosas costas.*
- *Denunciar ante as autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien en nosas costas, praias e augas.*
- *Realizar actividades con nenos e mozos para que coñezan e colaboren no mantemento da flora, fauna, artes e embarcacións. Todo elo para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.*
- *Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridad Portuaria, Xunta de Galicia, etc. O que sexa propiedade de esta Asociación.*

### **III. Procedemento de concesión directa:**

Poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente nos Orzamentos Xerais das Entidades Locais, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións a tenor do previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e nos art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así coma no previsto na Base 38.4.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2019.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Co obxecto de garantir e promover, sen ánimo de lucro, a conservación da cultura mariñeira tradicional (artigo 6º dos Estatutos), a entidade desenvolve actividades de recuperación e

construción de réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.

A Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Emprego do Concello de Vigo, na difusión da cultura mariñeira empregando as embarcacións tradicionais propias e municipais para acadar este fin. Así mesmo comprométese ao seu mantemento, acondicionamento e amarre para que poidan empregarse en calquera momento polo persoal da Asociación e autorizados polo Concello.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, e áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será do 01/01/2019 ao 31/10/2019.

#### **IV. Contía total e crédito orzamentario:**

O importe do convenio de 16.000,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 4890001 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019, co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/2019 ao 31/10/2019)

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito



## Concello de Vigo

axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Este convenio de colaboración prevé os seguintes obxectivos:

- Acollida dos barcos que deseguido se relacionan, dentro das instalacións propias da Asociación durante a vixencia do convenio.
  - “Vigo 05” Traiña de 11,25 m de eslora e 2,59 m de manga
  - “Praia do Vao” bote polbeiro de 4,80 m de eslora e 2,20 m de manga
  - “Praia da Fontaiña” gamela coruxeira de 4,5 m de eslora e 1,65 m de manga.
  - “Coruxo” galeón de 11 m de eslora e 3,30 m de manga.
  - “Illa de Toralla”. Dorna tope, de eslora 7,27, manga 2,49. Monte vela de relinga.
- Mantemento das embarcacións tradicionais descritas no parágrafo anterior, así como traslado destas embarcación coa finalidade da hibernación, preparación e mantemento das embarcacións, facéndose cargo dos gastos que lle correspondan, materiais e persoal necesario incluído. De tal xeito que esta embarcacións poidan empregarse en todo momento.
- Planificación, conxuntamente coa Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, de actividades culturais de difusión da cultura mariñeira cos medios que se precisen e coas embarcacións tradicionais.
- A Asociación disporá das embarcacións citadas, para o fomento da cultura mariñeira en eventos e a participación en todos cantos encontros, xuntanzas, xornadas de mar e en xeral as actividades que se realicen dende a asociación previa comunicación a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, ademais daquelas que dende este Concellería estime, previa comunicación co tempo suficiente dos cometidos, para preparar a tripulación e aparelhar estas embarcacións.

### V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumento unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

### VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

#### **VII. Publicidade:**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

#### **VIII. Órgano competente:**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o *desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal*.

#### **IX. Recursos:**

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo





## Concello de Vigo

órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal de data 20/11/2019, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO:**

- a) Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que se xunta ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a "Asociación de Mariñeiros Artesanais e deportivos de Bouzas", con CIF: G36799351 coa finalidade de promover, conservar e difundir a cultura mariñeira, e conservar e manter as embarcacións tradicionais propias e municipais (traíña, galeón, bote polbeiro e gamela coruxeira) , e que a nosa cidade siga sendo un referente para este tipo de actuacións, durante o ano 2019.
- b) Autorizar o gasto de **16.000,00 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4890001 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2019.
- c) Facultar ao Concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Alvarez para asinar o citado convenio.
- d) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditalar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## CONVENIO COA "ASOCIACIÓN DE MARIÑEIRO S ARTESANAIS E DEPORTIVOS DE SAN MIGUEL DE BOUZAS" PARA DIFUSIÓN DA CULTURA MARIÑEIRA

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil dezanove

### **REUNIDOS**

*Dunha parte don Abel Fermín Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Ilmo Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, con enderezo na Praza do Rei núm. 1, 36202 de Vigo, e CIF P3605700H.*

*Doutra parte, don Jenaro José Valcarce Campos, en calidade de presidente da "Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas", CIF nº G36799351 e enderezo social no Paseo Marítimo Valentín Paz Andrade, 1 de Bouzas, na representación da mesma, segundo resulta da certificación do seu secretario que figura na documentación presentada dentro do expediente 16374/77.*

*E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.*

*Actúan ambas partes no exercicio dos seus cargos e na representación que ostentan recoñecéndose reciprocamente a capacidade suficiente para asinar este convenio.*

### **MANIFESTAN**

**I.-** *Que a entidade "Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas" ten, entre outros, os seus fins estatutarios:*

*O fomento da cultura mariñeira para que non se perda nin se esqueza.*

*Desenvolver actividades que conduzan a un maior coñecemento, aproveitamento e conservación das artes pesqueiras artesanais.*

*Fomentar o coñecemento do litoral, das súas praias, flora e fauna e calquera outra actividade destinada a favorecer o mantemento e conservación das nosas costas.*

*Por en coñecemento das autoridades e organismos competentes, cantas irregularidades se aprecien nas nosas costas, praias e augas.*

*Desenvolver de xeito activo todas cantas actividades sexan posibles dirixidas aos nenos e nenas, así como a mocidade para que desde o coñecemento do medio mariño participen activamente no mantemento da flora, fauna, así como das artes e embarcacións artesanais. Todo isto para que poidan adquirir coñecemento da mar e aproveitamento do tempo libre.*

*Coidar, manter e administrar calquera instalación cedida por calquera organismo competente, Concello, Autoridade Portuaria, Xunta de Galicia, etc. ou que sexa propiedade desta Asociación.*

*Recuperar e construír réplicas de embarcacións tradicionais como Dornas, Gamelas, Buceta, Racú, Botes polbeiro e outros, sen esquecer os xa famosos faluchos, orixinais de Bouzas.*

*Desenvolver actividades de lecer tanto deportivas como culturais, participando coas embarcacións tradicionais propiedade da asociación ou aquelas que se xestionen directamente en xuntanzas, encontros e varadas a celebrar principalmente polas costas galegas e norte de Portugal, e de xeito excepcional en encontros internacionais de embarcacións tradicionais como é o caso das que se celebran nas cidades de Douarnez e Brest na bretaña francesa.*



## Concello de Vigo

*Que, dentro das actividades a desenvolver pola "Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas" para este ano 2019 sobre a difusión da cultura mariñeira están, entre outras, as que figuran na proposta de acordo presentada pola asociación.*

**II.-** *Que dende o Concello de Vigo estase a difundir esta cultura mariñeira dende hai moitos anos non só como instrumento de lecer senón tamén como capacitación laboral con saída profesional. Para esta promoción da cultura mariñeira o Concello de Vigo puxo en marcha cinco Escolas Obradoiro denominadas "Mar de Vigo", nas que aparte dos programas de formación e inserción laboral ofreceron á mocidade entre 18 e 25 anos a posibilidade de obter formación especializada en diversas ramas profesionais como carpintería de ribeira, actividades náuticas e novas técnicas de construción naval.*

*O Concello de Vigo dispón, na actualidade, das seguintes embarcacións tradicionais:*

- "Vigo 05" Traíña de 11,25 m de eslora e 2,59 m de manga
- "Praia do Vao" bote polbeiro de 4,80 m de eslora e 2,20 m de manga
- "Praia da Fontaiña" gamela coruxeira de 4,5 m de eslora e 1,65 m de manga.
- "Coruxo" galeón de 11 m de eslora e 3,30 m de manga.
- "Illa de Toralla" Dorna tope. De eslora 7,27, manga 2,49. Monta vela de relinga.

**III.-** *Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social e cultural entre as que destacan as seguintes:*

- Reparación e carenado das embarcacións tradicionais.
- Actividade semanal para o ensino da navegación en embarcacións tradicionais (maio-setembro).
- Participación en encontros de embarcacións tradicionais (A Guarda, Moaña, Bueu, escenificacións da Batalla de Rande...)
- Concurso de pesca dende as embarcacións tradicionais en modalidade libre
- Concurso de pesca infantil
- Concerto de Canción Mariñeira
- Navegacións da flota tradicional co alumnado das entidades sociais da cidade.

**IV.-** *Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer a difusión da cultura mariñeira dando a coñecer as embarcacións tradicionais tanto as da asociación como as de propiedade municipal (traíña, bote polbeiro, gamela coruxeira, galeón e dorna de tope) para a realización deste tipo de actividades de difusión na nosa cidade.*

**V.-** *Que a entidade Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas non está incurso en prohibicións para ser beneficiaria das subvencións, estando ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non tendo débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se achegan no expediente.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, deportivo, cultural e turístico que para a nosa cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mariñeiros*

Artesanais de Bouzas, o Concello de Vigo e a dita Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas conveñen no ámbito da difusión da cultura mariñeira e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, a seguir traballando na difusión da cultura mariñeira por medio das actividades propias da asociación, así como, do ensino sobre o mantemento e conservación das embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polbeiro, gamela coruxeira e dorna de tope) e á realización de actividades culturais e deportivas relacionadas coa cultura mariñeira da cidade e, concretamente, a:

1. Realizar as actividades culturais, de formación, deportivas, de lecer e de difusión conforme á programación proposta para a difusión da cultura mariñeira e das embarcacións tradicionais. Por medio de xornadas de portas abertas, cursos semanais de navegación nestas embarcacións, concursos de pesca no mar, etc....
2. Coidar e administrar calquera tipo de embarcacións para o seu perfecto estado de uso e conservación, promovendo as mesmas non só en terra senón tamén no seu manexo no mar.
3. Realizar as xestións administrativas con capitanía marítima e outras administracións así como os tramites oportunos para que as embarcacións se atopen en toda regra para o seu uso e poder realizar as accións de difusión da cultura mariñeira.
4. Utilizar as embarcacións propias e municipais para a participación en encontros, xuntanzas e xornadas de mar e en xeral, promover non só a cultura mariñeira ou as embarcacións tradicionais senón tamén a nosa cidade como referente deste tipo actuacións de difusión a realizar dende a Asociación.
5. Acoller ás embarcacións municipais nos pantaláns de uso desta Asociación, para promover coas embarcacións propias da asociación todo este ben facer de recuperación das artes mariñeiras e das embarcacións tradicionais empregadas para tal fin (Traíña "Vigo 05", Bote Polbeiro "Praia do Vao", Gamela Coruxeira "Praia da Fontaiña", Galeón "Coruxo", Dorna Tope").

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as entidades beneficiarias deste tipo de subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar coa Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, na realización de actividades de difusión e coñecemento da cultura mariñeira, tanto nas dirixidas aos nenos e nenas en idade escolar, coma a todo o público en xeral.
2. Emprer as embarcacións tradicionais de propiedade municipal (traíña, galeón, bote polbeiro, gamela coruxeira e dorna de tope) para a realización de actividades de difusión da cultura mariñeira da nosa cidade comprometéndose a Asociación de Mariñeiros Artesanais de Bouzas en mantelas no mesmo estado no que se lles entrega.
3. Conceder directamente á entidade, de Asociación de Mariñeiros Artesanais e Deportivos de Bouzas, unha subvención por importe de 16.000,00€ con cargo á partida partida 2410 4890001 "Convenio Asociación Mariñeiros Artesanais" do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano



## Concello de Vigo

2019, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, a entidade presentará declaración responsable de non atoparse en ningunha das situacións establecidas no artigo anteriormente referendado e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiara ao ter en conta, tanto o carácter social da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa entidade.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 50 % do importe da actividade subvencionada. Non podendo ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.

O concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.

*De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.*

*As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderán requirir unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a conformidade da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.*

*A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá.*

*Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.*

**Oitavo.-** *En cumprimento das normas de transparencia esixidas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, o convenio deberá publicarse no Portal de transparencia do Concello de Vigo e deberá rexistrarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

**Noveno.-** *A beneficiaria, **antes do 5 de decembro de 2019**, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.*

*En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a Asociación beneficiaria está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.*

*A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente.*

*No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.*

*Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.*

*A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:*



## Concello de Vigo

*Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*

*A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.*

*Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).*

*Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.*

*Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.*

**Décimo.-** *Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

**Décimo primeiro.-** *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen **ata o 30 de setembro de 2019**.*

**Décimo segundo.-** *A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local dependente da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

**Décimo terceiro.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou no seu caso, o Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o RD 5/2000, de 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

**Décimo sexto.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións





## Concello de Vigo

*individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).*

*Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Concello de Vigo.*

**Décimo sétimo.-** *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**Décimo oitavo.-** *Prazo de vixencia do convenio. A vixencia do convenio será dende a data de sinatura ata o 31 de decembro de 2019.*

*E, en proba da súa conformidade, asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo,*  
\_\_\_\_\_ *de 2019*

### **8(1038).- REDISTRIBUCIÓN DAS ANUALIDADES NA CONTRATACIÓN DO ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DO PROXECTO “VIGO VERTICAL”, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER). EXPTE. 14438/77.**

Visto o informe de fiscalización de data 25/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 22/11/19, asinado pola técnica de xestión, a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local (Resolución do 23/10/2019), o concelleiro-delegado de Emprego e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 31 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo, en relación coa PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DO PROXECTO “VIGO VERTICAL”, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER). EXPTE.14438/77:

*“Adxudicar a I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro do proxecto “Vigo Vertical”, cofinanciado polo Fondo europeo de desenvolvemento rexional (FEDER) (14.438-77) por un prezo total de 179.080,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 31.080,00 euros”*

Sendo o prazo do contrato **dun ano e sete meses**, resultaría un importe mensual de 9.425,26 €.

Por outra banda, con data 13/09/2017, o xefe do servizo emitiu o informe de anualidades do contrato, cuxo contido se transcribe literalmente:

*“Polo anteriormente exposto e debido á redución do prezo ofertado pola empresa adxudicataria (179.080,00 €), con relación ao prezo da licitación (299.996,38 €), é preciso adecuar as anualidades previstas á oferta adxudicataria, que serán as seguintes con cargo a aplicación orzamentaria 2410.227.06.10 “DUSI OT, 9, LA 16, Asesoramento a PEMES e emprendedores”:*

- *Ano 2018 – 89.540,00 euros*
- *Ano 2019 – 89.540,00 euros”*

Para a disposición do gasto, se teñen emitido os documentos contables que se relacionan, polo importe 89.540,00 euros:

- D N° OPERACIÓN 201800075187
- DFUT N° OPERACIÓN 201800075190
- AD N.º OPERACIÓN 201900010704

PROPOSTA

### **REDISTRIBUCIÓN DAS ANUALIDADES DO CONTRATO**

Considerando que o prazo do contrato (un ano e sete meses), se iniciou a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital (06/07/19) e que, deberá finalizar o 06/02/20, se colixe a existencia dunha discordancia no informe do servizo emitido con data 13/09/17, en particular, na determinación do período que abrangue o contrato (07/07/2018 a 06/02/2020) e no conseguente cálculo do importe das súas anualidades.

Como consecuencia do anterior, o crédito dispoñible para o pago das prestacións obxecto do contrato se esgotará con data 31/12/2019, mentres que, a súa execución non finalizará ata o 06/02/2020.

Polas consideración expostas, co obxecto facer fronte ás obrigas de pago derivadas contrato no período 01/10/2019 – 06/02/2019, se propón, salvo mellor criterio en contra da Intervención:



## Concello de Vigo

1. A redistribución das anualidades do contrato, conforme a seguinte táboa:

<b>EXERCICIO 2019</b>			
PERÍODO		IMPORTE/MES	TOTAL
OUTUBRO- NOVEMBRO- DECEMBRO	3 MESES	5.329,75 €	15.989,25 €
<b>EXERCICIO 2020</b>			
PERÍODO		IMPORTE/MES	TOTAL
XANEIRO	1 MES	5.329,75 €	5.329,75 €
FEBREIRO	6 DÍAS	1.065,97 €	1.065,97 €
<b>TOTAL</b>			<b>22.384,97 €</b>

2. A emisión dun documento contable AD/, polo importe de 6.391,72 €, contra o AD N.º OPERACIÓN 201900010704

3. A emisión dun documento contable ADFUT correspondente ao exercicio 2020, polo importe de 6.391,72 €

### RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO: REDISTRIBUÍR** o importe das anualidades do contrato de SERVIZO DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPREENDEDORES DENTRO DO PROXECTO “VIGO VERTICAL”, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER). EXPTE.14438/77, para o período comprendido entre o 01/10/2019 e 06/02/2019, de xeito que, se impute o importe de 15.989,25 euros con cargo á aplicación orzamentaria 2410.227.06.10 “DUSI OT, 9, LA 16, Asesoramento a PEMES e emprendedores” do vixente exercicio 2019, e 6.391,72 euros á mesma aplicación orzamentaria do exercicio 2020.

**SEGUNDO: NOTIFICAR** o acordo a I NOVA CONSULTORES EN EXCELENCIA E INNOVACIÓN ESTRATÉGICA, S.L., *adxudicataria do contrato de SERVIZO DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPREENDEDORES DENTRO DO PROXECTO “VIGO VERTICAL”, COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER). EXPTE.14438/77*, de conformidade co disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)

**TERCEIRO: RECURSOS:** contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **9(1039).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS CONTAS XUSTIFICATIVAS DOS LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR (4ª). EXPTE. 102738/140.**

Visto o informe de fiscalización de data 25/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 26/11/19, asinado pola xefa do Servizo de Fiscalización, polo inteventor xeral e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Lexislación aplicable:



## Concello de Vigo

- Artigos 190 e 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Artigo 69 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril.
- Base 23 das de Execución do Orzamento de 2019.

En relación ás contas xustificativas dos seguintes pagos a xustificar:

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/a favor</i>
Abalde Raquel Comesaña	201900055108	9120.2310000	800,00	489,60	12.08.19	06/11/19	12.11.19	310,40	—
Abalde Raquel Comesaña	201900056265	9120.2260100	2.000,00	2.211,96	12.08.19	30/10/19	12.11.19	----	211,96
Abalde Raquel Comesaña	201900056873	9121.2200100	1.000,00	1.090,40	14.08.19	07/11/19	14.11.19	----	90,40
Abalde Raquel Comesaña	201900056874	9120.2269900	700,00	656,87	14,08,19	06/11/19	14.11.19	43,13	---
Barbará Rodríguez Beatriz	201900042713	9200.2260300	3.000,00	2.923,30	24.06.19	09/10/19	24.09.19	76,70	—
García Álvarez Luis	201900050332	9200.2219901	191,81	191,81	17.07.19	25/10/19	17.10.19	----	—
García Álvarez Luis	201900050336	2311.4800000	3.500,00	2.600,00	17.07.19	17/10/19	17.10.19	900,00	—
García Álvarez Luis	201900067686	3371.2250000	263,45	263,45	25.09.19	05/11/19	25.12.19	----	—
Magdalena Vila M. <sup>a</sup> Jesús	201900057315	9320.1620000	650,00	650,00	14.08.19	07/10/19	14.11.19	----	—
Magdalena Vila M. <sup>a</sup> Jesús	201900057317	9320.2302000	310,11	310,11	14.08.19	07/10/19	14.11.19	----	—
Magdalena Vila M. <sup>a</sup> Jesús	201900057318	9320.2312000	450,00	443,47	14.08.19	07/10/19	14.11.19	6,53	—
Martínez Francisco Muñoz	201900057290	1320.2312000	200,00	0,00	14.08.19	14/11/19	14.11.19	200,00	—
Martínez Francisco Muñoz	201900057292	1320.2130000	500,00	2,90	14.08.19	14/11/19	14.11.19	497,10	—
Martínez Francisco Muñoz	201900057312	1320.2200000	100,00	99,06	14.08.19	16/10/19	14.11.19	0,94	—
Martínez Francisco Muñoz	201900057313	1320.2120000	1.000,00	905,92	14.08.19	14/11/19	14.11.19	94,08	—
Martínez Francisco Muñoz	201900057314	1320.2190000	1.000,00	368,39	14.08.19	14/11/19	14.11.19	631,61	—
Núñez-Torrón López Jesús	201900041167	2310.4800000	150.000,00	126.604,04	20.06.19	07/10/19	20.09.19	23.395,96	—
Peña Barceló Rubén	201900053210	3410.2260100	1.000,00	0,00	29.07.19	06/11/19	29.10.19	1.000,00	—

Vivero Antonio	Mijares	201900042710	1330.2260100	600,00	0,00	24,06,19	04/10/19	24.09.19	600,00	---
Vivero Antonio	Mijares	201900058092	1350.2250000	180,00	95,31	19.08.19	10/10/19	19.11.19	84,69	—
<b>TOTAL</b>				167.445,37	139.906,59				27.841,14	302,36

Procedeuse a comprobar por esta Intervención :

<b>Alcance da fiscalización</b>	<b>Si</b>	<b>Non</b>
Se rendiron no prazo establecido a excepción das ordes de pago a xustificar n.º 201900042713 de Barbará Rodríguez Beatriz, 201900050332 de García Álvarez Luis, 201900041167 de Núñez-Torrón López Jesús, 201900053210 de Peña Barceló Rubén e 201900042710 de Vivero Mijares Antonio.	✓	
A conta está debidamente asinada e están relacionadas as facturas e documentos orixinais a excepción dalgúns supostos nos que non se procede formalmente a citada enumeración.	✓	
Os gastos concretos e determinados son adecuados ó fin para o que se entregaron os fondos.	✓	
Acredítase a realización efectiva e conforme dos gastos e servizos, así como a realización material do pagamento ó acreedor da factura ou xustificante.	✓	
Inclúese, mandato de pagamento, se procede, acreditativo do reintegro sobranante.	✓	

Resultado da fiscalización

<b>De conformidade</b>	<b>Con observacións</b>	<b>De disconformidade</b>
	As ordes de pago a xustificar n.º 201900042713 de Barbará Rodríguez Beatriz, 201900050332 de García Álvarez Luis, 201900041167 de Núñez-Torrón López Jesús, 201900053210 de Peña Barceló Rubén e 201900042710 de Vivero Mijares Antonio non se rendiron dentro do prazo legal de xustificación.	

A diversa documentación que compón as contas xustificativas, deberá ser unida ó mandato de pagamento orixinal despois da súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

### **PROPOSTA**

En base á Resolución de data 18 de xuño de 2019, na que se delega na Xunta de Goberno Local a aprobación das contas xustificativas rendidas polos seus perceptores, propónse a aprobación das seguintes:



## Concello de Vigo

<i>Habilitado</i>	<i>Nºpagamento</i>	<i>Aplicación orzamentaria</i>	<i>Importe librado</i>	<i>Importe xustificado</i>	<i>Data de pagamento</i>	<i>Data Real xustificación</i>	<i>Data legal de xustificación</i>	<i>Reintegro</i>	<i>S/ a favor</i>
Abalde Comesaña Raquel	201900055108	9120.2310000	800,00	489,60	12.08.19	06/11/19	12.11.19	310,40	—
Abalde Comesaña Raquel	201900056265	9120.2260100	2.000,00	2.211,96	12.08.19	30/10/19	12.11.19	----	211,96
Abalde Comesaña Raquel	201900056873	9121.2200100	1.000,00	1.090,40	14.08.19	07/11/19	14.11.19	----	90,40
Abalde Comesaña Raquel	201900056874	9120.2269900	700,00	656,87	14.08.19	06/11/19	14.11.19	43,13	---
Barbará Rodríguez Beatriz	201900042713	9200.2260300	3.000,00	2.923,30	24.06.19	09/10/19	24.09.19	76,70	—
García Álvarez Luis	201900050332	9200.2219901	191,81	191,81	17.07.19	25/10/19	17.10.19	----	—
García Álvarez Luis	201900050336	2311.4800000	3.500,00	2.600,00	17.07.19	17/10/19	17.10.19	900,00	—
García Álvarez Luis	201900067686	3371.2250000	263,45	263,45	25.09.19	05/11/19	25.12.19	----	—
Magdalena Vila M.ª Jesús	201900057315	9320.1620000	650,00	650,00	14.08.19	07/10/19	14.11.19	----	—
Magdalena Vila M.ª Jesús	201900057317	9320.2302000	310,11	310,11	14.08.19	07/10/19	14.11.19	----	—
Magdalena Vila M.ª Jesús	201900057318	9320.2312000	450,00	443,47	14.08.19	07/10/19	14.11.19	6,53	—
Martínez Muñoz Francisco	201900057290	1320.2312000	200,00	0,00	14.08.19	14/11/19	14.11.19	200,00	—
Martínez Muñoz Francisco	201900057292	1320.2130000	500,00	2,90	14.08.19	14/11/19	14.11.19	497,10	—
Martínez Muñoz Francisco	201900057312	1320.2200000	100,00	99,06	14.08.19	16/10/19	14.11.19	0,94	—
Martínez Muñoz Francisco	201900057313	1320.2120000	1.000,00	905,92	14.08.19	14/11/19	14.11.19	94,08	—
Martínez Muñoz Francisco	201900057314	1320.2190000	1.000,00	368,39	14.08.19	14/11/19	14.11.19	631,61	—
Núñez-Torrón López Jesús	201900041167	2310.4800000	150.000,00	126.604,04	20.06.19	07/10/19	20.09.19	23.395,96	—
Peña Barceló Rubén	201900053210	3410.2260100	1.000,00	0,00	29.07.19	06/11/19	29.10.19	1.000,00	—
Vivero Mijares Antonio	201900042710	1330.2260100	600,00	0,00	24.06.19	04/10/19	24.09.19	600,00	---

Vivero Mijares Antonio	201900058092	1350.2250000	180,00	95,31	19.08.19	10/10/19	19.11.19	84,69	—
<b>TOTAL</b>			167.445,37	139.906,59				27.841,14	302,36

## **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **10(1040).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUEIRO DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPTE. 8734/320.**

Visto o informe de fiscalización de data 20/11/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 22/11/19, asinado pola xefa de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 29/03/2019, Dona María Jesús Domínguez Alonso (DNI: 36027588C), en calidade de presidenta da “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” (CIF: G-36972024), achegou escrito (doc.190045126), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2019, entre o 01/11/2018 ata o 30/09/2019, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona María Jesús Domínguez Alonso, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 21/10/19





## Concello de Vigo

- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 21/10/19
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 21/10/19
- Certificado do Concello de Vigo, de data 22/08/19

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable da presidenta da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/11/2018 - 30/09/2019)</b>	
Alugueiro local social	4.095,00 €
Servizo de abastecemento de auga	285,00 €
Servizo de telefonía e acceso a internet	630,00 €
Servizo de luz - FENOSA	630,00 €
Productos limpeza	250,00 €
Material de oficina e reprografía	600,00 €
Seguro local social	299,10 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.789,10 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (01/11/2018 - 30/09/2019)</b>	
Subvención Concello	6.789,10 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.789,10 €</b>

8. Contrato de aluguer.
9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil do local social e xustificantes bancarios acreditativos da súa vixencia.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1079/09, segundo resolución de data 03/09/2009.

V. O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4890010 “*Convenio Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*”, cunha dotación orzamentaria de 12.000,00 €.

VI. En data 27/09/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 22/08/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A Técnica de Administración Xeral, asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 20/11/2019 emítese informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal concluíndo que:

*“En todo caso o Servizo Xestor, con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, debe acomodar o prazo máximo de xustificación previsto na cláusula novena, 11 de novembro de 2019, ás datas actuais.”*

De conformidade co solicitado, este servizo de Participación Cidadá, con data 21/11/2019, acomoda o prazo máximo de xustificación ás datas actuais, quedando así enmendada a observación feita polo servizo de intervención.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. OBXECTO**

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO (G36972024), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende novembro de 2018 ata setembro de 2019.



## Concello de Vigo

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”.

A entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- defensa dos intereses dos veciños
- organización de actividades socioculturais
- mellora dos servizos
- mellora da calidade de vida da zona

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

### **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Dona María Jesús Domínguez Alonso, con DNI 36027588C, en calidade de Presidenta da “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” (CIF: G-36972024), con domicilio social na Rúa Tomás Alonso, 124, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8734/320.

### **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga

efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### ***IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA***

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegadas ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónete á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos



## Concello de Vigo

subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4890010 “*Convenio Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*”, cunha dotación orzamentaria de 12.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

### **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o

destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

#### **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38<sup>a</sup>.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **3 de decembro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace



## Concello de Vigo

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### **RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa

(LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización de data 20/11/2019 da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### **ACORDO**

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 6.789,10 € (seis mil setecentos oitenta e nove con dez euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890010 denominada "*Convenio Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio*", incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" (CIF.- G-36972024), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de novembro de 2018 e setembro de 2019, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 6.789,10€ (seis mil setecentos oitenta e nove con dez euros).

**TERCEIRO.-** Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.





## Concello de Vigo

### CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN COLECTIVO VECIÑAL CURVA DE SAN GREGORIO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER DO LOCAL SOCIAL, NECESARIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, Dona María Jesús Domínguez Alonso, con DNI 36027588C, en calidade de Presidenta da "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" (CIF : G-36972024), con domicilio social na Rúa Tomás Alonso, nº 185 - 6º G, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 8734/320.*

*E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

#### **MANIFESTAN**

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.*

II.- Que a entidade "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio", de conformidade co art. 5 dos seus Estatutos, asume entre os seus fins e actividades, todos eles de interese para a cidadanía viguesa:

- defensa dos intereses dos veciños
- organización de actividades socioculturais
- mellora dos servizos
- mellora da calidade de vida da zona

III.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1079/09.

IV.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias planificadas, en particular, as realizadas entre o 1 de novembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento derivados da organización, fomento e execución das mesmas.

V.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890010, denominada "Convenio Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 12.000,00 €.

VI.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para organizar e levar a cabo as actividades programadas pola entidade entre o 1 de novembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO GASTOS DE MANTEMENTO E ALUGUER (01/11/2018 - 30/09/2019)</b>	
Alugueiro local social	4.095,00 €
Servizo de abastecemento de auga	285,00 €
Servizo de telefonía e acceso a internet	630,00 €
Servizo de luz - FENOSA	630,00 €
Productos limpeza	250,00 €
Material de oficina e reprografía	600,00 €



## Concello de Vigo

Seguro local social	299,10 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.789,10 €</b>

VII.- Que a entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

VIII.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### PACTOS

**Primeiro.**- A entidade “Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio” comprométese a colaborar coa concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
7. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

8. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" unha subvención por importe de 6.789,10 € (seis mil setecentos oitenta e nove con dez euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4890010, denominada "Convenio Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar no financiamento gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola entidade entre o 1 de novembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019, en definitiva, para o seu fomento.

2. Respetar a estrutura organizativa da "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" e asinar o convenio estruturado en áreas con programas específicos.

3. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e



## Concello de Vigo

34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Cuarto.**- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto.**- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.**- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Sétimo.**- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio.

**Oitavo.**- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades.

**Noveno.**- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Asociación Colectivo Veciñal Curva de San Gregorio" mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **3 de decembro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.



## Concello de Vigo

7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.

8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.

9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada eletronicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención

- *cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- *cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado ou, no seu caso, recibo de pagamento*

*e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.*

*f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

*g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- *No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*
- *Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executado na súa totalidade con un custe total de.....(importe total do proxecto)*

*h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.*

*i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.*





## Concello de Vigo

**Décimo.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES59 2080 0572 52 3040001308 (ABANCA).

**Décimo primeiro.-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo segundo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/11/18 e o 30/09/19.

**Décimo terceiro.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo quinto.-** Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sexto.-** En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sétimo.-** A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

*O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.*

*A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.*

*O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.*

*Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.*

*As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).*

*Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)*

**Décimo oitavo.**- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**Décimo noveno.**- *A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

**Vixésimo.**- *O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019).*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,*



## Concello de Vigo

### **11(1041).- PROXECTO DE CONVENIO COA UNIÓN COMARCAL DA CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG) DE VIGO, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, ASÍ COMO, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 8982/320.**

Visto o informe de fiscalización de data 19/11/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 21/11/19, asinado pola xefa de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 18/07/2019, Don Alberto Gonçalves Herrero (DNI: 36050811J), en calidade de presidente da "Unión Comarcal de Vigo da CIG" (CIF: G36706927), achegou escrito (doc.190112063), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para o financiamento dos gastos das actividades da entidade, así como de mantemento, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade para o 2019, en concreto, para as levadas a cabo entre o 01/11/18 e o 30/09/2019.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Alberto Gonçalves Herreiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A "Unión Comarcal de Vigo da CIG", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38<sup>a</sup>.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
- Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 21/10/19
- Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 21/10/19
- Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 21/10/19
- Certificado do Concello de Vigo, de data 22/08/19

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).

3. Declaración responsable da presidenta da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO GASTOS (NOVEMBRO 2018 – SETEMBRO 2019)</b>	
Custes de persoal (salario e custes sociais) media xornada	5.409,69 €
Subministro eléctrico do local	6.000,00 €
Mantemento do local (limpeza)	6.000,00 €
Material funxíbel e publicitario	200,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>17.609,69 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (NOVEMBRO 2018 – SETEMBRO 2019)</b>	
Subvención solicitada Concello de Vigo	15.000,00 €
Achega da CIG – Vigo (fondos propios)	2.609,69 €
<b>TOTAL</b>	<b>17.609,69 €</b>

8. Contrato de traballo.
9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil do local social e xustificantes bancarios acreditativos da súa vixencia.
10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:
  - a) Fundamentación, obxectivos e metas
  - b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
  - c) Lugar de realización



## Concello de Vigo

- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a “Unión Comarcal de Vigo da CIG” atópase inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo co número 489/96, segundo decreto de Alcaldía de data 03/10/1996.

V. O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800006 “*Convenio Unión Comarcal de Vigo da CIG*”, cunha dotación orzamentaria de 15.000,00 €.

VI. En data 25/10/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 22/08/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 19/11/2019 emítense informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal concluíndo que:

*“En todo caso o Servizo Xestor, con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, debe acomodar o prazo máximo de xustificación previsto na cláusula novena, 11 de novembro de 2019, ás datas actuais.”*

De conformidade co solicitado, este servizo de Participación Cidadá, con data 20/11/2019, acomoda o prazo máximo de xustificación ás datas actuais, quedando así enmendada a observación feita polo servizo de intervención.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. OBXECTO

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Unión Comarcal de Vigo da CIG” (CIF: G36706927), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar gastos das actividades da entidade, así como de mantemento, necesarios para o desenvolvemento das actividades para o 2019, en concreto, para as levadas a cabo entre o 01/11/18 e o 30/09/2019.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Unión Comarcal de Vigo da CIG”.

A entidade “Unión Comarcal de Vigo da CIG”, de conformidade co art. 6 dos Estatutos da CIG, basea a súa actuación nos obxectivos fixados no seu Programa, entre os que se encontran, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ A profundización democrática e social constante co fin de achegarse a unha nova sociedade máis xusta e máis humana, sen explotación económica nin opresión política, calquera que sexa a forma na que estas se manifesten.
- ✓ O pleno exercicio de todos os dereitos humanos, individuais e sociais, sen discriminacións.
- ✓ Impulsar a participación sociopolítica e a inserción laboral e profesional das mulleres e da mocidade na sociedade.
- ✓ Promocionar iniciativas, estudos, programas e proxectos de carácter social, laboral, tecnolóxico, educativo e formativo, dirixidos a impulsar a integración social e laboral do conxunto dos traballadores e traballadoras.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

## **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Don Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811J, en calidade de Secretario da Unión Comarcal de Vigo da CIG, con CIF: G36706927 e domicilio social na Rúa Gregorio Espino, 47- entresollado, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 8982/320.

## **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder



## Concello de Vigo

subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

### ***IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA***

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tribu-

taria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

## **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4800006 “*Convenio Unión Comarcal de Vigo da CIG*”, cunha dotación orzamentaria de 15.000,00 €.

A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola “*Unión Comarcal de Vigo da CIG*” no desenvolvemento das actividades subvencionadas.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.





## Concello de Vigo

### **VI. ANTICIPO**

Non se contempla a posibilidade de anticipo.

### **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **3 de decembro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### **RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización de data 19/11/2019 da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das



## Concello de Vigo

delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 15.000,00 € (quinze mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800006 denominada "*Convenio Unión Comarcal de Vigo da CIG*", incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*Unión Comarcal de Vigo da CIG*" (CIF.- G36706927), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de novembro de 2018 e setembro de 2019,

mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos das actividades da entidade, así como de mantemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 15.000,00 € (quinze mil euros).

**TERCEIRO.-** Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A UNIÓN COMARCAL DE VIGO DA CIG, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, ASÍ COMO, DE MANTEMENTO, DIRECTAMENTE RELACIONADOS, NECESARIOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO, REALIZADOS ENTRE O 1 DE NOVEMBRO DE 2018 ATA 30 DE SETEMBRO 2019

### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D. Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811J, en calidade de Secretario da Unión Comarcal de Vigo da CIG, con CIF: G-36706927 e domicilio social na Rúa Gregorio Espino, 47- entresollado, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 8982/320.*

*E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

### **MANIFESTAN**

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovelas activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, unións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades asistenciais, reivindicativas, laborais, informativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, formativas, sanitarias etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da*

*problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.*

*II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar sindicatos e afiliarse ao da súa elección, así como, aos sindicatos de traballadores e asociacións empresariais o de contribuír á defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, nun Estado Social e Democrático de dereito, no que a participación sindical se considera fundamental.*

*III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de políticas sociais de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao*



## Concello de Vigo

asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos asistenciais, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos traballadores e a reivindicación de políticas de pleno emprego, sendo a Unión Comarcal de Vigo da CIG unha das máis importantes asociacións neste ámbito.

IV.- Que a entidade Unión Comarcal de Vigo da CIG, de conformidade co art. 6 dos Estatutos da CIG, basea a súa actuación nos obxectivos fixados no seu Programa, entre os que se encontran, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- ✓ A profundización democrática e social constante co fin de achegarse a unha nova sociedade máis xusta e máis humana, sen explotación económica nin opresión política, calquera que sexa a forma na que estas se manifesten.
- ✓ O pleno exercicio de todos os dereitos humanos, individuais e sociais, sen discriminacións.
- ✓ Impulsar a participación sociopolítica e a inserción laboral e profesional das mulleres e da mocidade na sociedade.
- ✓ Promocionar iniciativas, estudos, programas e proxectos de carácter social, laboral, tecnolóxico, educativo e formativo, dirixidos a impulsar a integración social e laboral do conxunto dos traballadores e traballadoras.

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 03/10/96, a Unión Comarcal de Vigo da CIG atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 489/96.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a Unión Comarcal de Vigo da CIG leve a cabo os seus proxectos, en particular, as realizadas entre o 1 de novembro de 2018 ata o 30 de setembro de 2019 segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos xerados polas súas actividades, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- As actividades programadas pola Unión Comarcal de Vigo da CIG, que fundamentan a concesión da subvención son, con carácter xeral, segundo proxecto e orzamento incorporado ao expediente:

<b>ORZAMENTO GASTOS (NOVEMBRO 2018 – SETEMBRO 2019)</b>	
Custes de persoal (salario e custes sociais) media xornada	5.409,69 €
Subministro eléctrico do local	6.000,00 €
Mantemento do local (limpeza)	6.000,00 €
Material funxíbel e publicitario	200,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>17.609,69 €</b>

VIII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4800006, denominada "Convenio Unión Comarcal de Vigo da CIG", nominativa a favor da entidade, con unha consignación presupostaria de 15.000 €.

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o convenio é o medio polo que se canalizan as subvencións tramitadas polo procedemento de concesión directa, nos que se establecen as condicións e compromisos aplicables, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o fomento das actividades da entidade entre o 01/11/18 ao 30/09/19, mediante a colaboración no financiamento dos gastos xerados polas mesmas, así como, de mantemento, directamente relacionados, necesarios para o seu desenvolvemento.

X.- Que a entidade Unión Comarcal de Vigo da CIG non incorre en ningunha circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social e económico que, para a cidade de Vigo, representan as actividades que desenvolve a entidade Unión Comarcal de Vigo da CIG, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes:

## **PACTOS**

**Primeiro.-** A entidade Unión Comarcal de Vigo da CIG comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.
6. As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.



## Concello de Vigo

7. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio, así como, o balance económico anual.

8. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

9. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

10. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade Unión Comarcal de Vigo da CIG unha subvención por importe de 15.000 € (quinze mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria nº 9240.4800006, denominada "Convenio Unión Comarcal de Vigo da CIG", do vixente orzamento municipal (2019), co obxecto de colaborar ao financiamento dos gastos xerados polas actividades da entidade comprendidas entre o 01/11/18 e o 30/09/19, así como, de mantemento, directamente

relacionados con aquelas, necesarios para o seu desenvolvemento, en definitiva, para o fomento das súas actividades.

2. Respetar a estrutura organizativa da Unión Comarcal de Vigo da CIG.

3. Colaborar, no seu caso, na orientación e avaliación das actividades realizadas.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou disfrute da subvención e, no seu caso, liquidar a contía correspondente en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

**Terceiro.-** A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "Unión Comarcal de Vigo da CIG" no desenvolvemento das actividades sunvenionadas.

**Cuarto.-** En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir para a realización, por si mesma, das actividades subvencionadas.

**Sétimo.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Oitavo.-** A entidade beneficiaria debe darlle a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto de subvención, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, con carácter permanente durante a vixencia do convenio, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades do sindicato dende o 01/11/2018 ata o 30/09/2019.

**Noveno.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión Comarcal de Vigo da CIG mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **3 de decembro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace





## Concello de Vigo

<https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
2. Datas e lugar de celebración.
3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica, asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos

gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:
  - Contrato de traballo
  - Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
  - Nóminas correspondente aos meses imputados.
  - Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
  - Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE
- no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención



## Concello de Vigo

- cando se xustificuen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustificuen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executado na súa totalidade con un custe total de.....(importe total do proxecto).

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da entidade, estará visible, durante a vixencia do convenio, cartel indicativo de que o Concello de Vigo colaborou no fomento das actividades da entidade levadas a cabo no entre o 1/11/2018 ata o 30/09/2019.

**Décimo.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES16 2080 5127 613040000192 (ABANCA).

**Décimo primeiro.**- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen, no período comprendido entre o 01/11/18 e o 30/09/19.

**Décimo segundo.**-A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.**- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto** .- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.**- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.



## Concello de Vigo

*O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.*

*Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.*

*As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).*

*Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org).*

**Décimo sétimo.**- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**Décimo oitavo.**- *A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

**Décimo noveno.**- *O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019).*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,*

### **12(1042).- PROXECTO DE CONVENIO COA “ASOCIACIÓN DE VECIÑOS NOVO VIGO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE A COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUEIRO E MANTEMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL. EXPTE. 8956/320.**

Visto o informe de fiscalización de data 19/11/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 21/11/19, asinado pola xefa de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 27/04/2019, Dona Ana María Martínez Barreiro (DNI: 36115648J), en calidade de presidenta da "Asociación de Veciños Novo Vigo" (CIF: G27771195), achegou escrito (doc.190061953), solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades socioculturais programadas pola entidade para o 2019, entre o 01/11/2018 ata o 30/09/2019, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será a presidenta, Dona Ana María Martínez Barreiro, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A "Asociación de Veciños Novo Vigo", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 30/07/19
  - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 20/08/19
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 23/08/19
  - Certificado do Concello de Vigo, de data 22/08/19

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
2. Datos do representante legal (anexo II).
3. Declaración responsable da presidenta da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).
7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención e o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (novembro 2018 - setembro 2019)</b>
--



## Concello de Vigo

Aluguer local social	4.656,30 €
Taxa lixo	173,90 €
Subministro telefónico e FIBRA	109,38 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.939,58 €</b>

<b>ORZAMENTO DE INGRESOS (01/11/2018 - 30/09/2019)</b>	
Convenio aluguer local social do Concello de Vigo	4.938,50 €
Captación recursos/aportacións	1,08 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.939,58 €</b>

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil do local social e xustificantes bancarios acreditativos da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación de Veciños Novo Vigo", está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1163/12, segundo resolución de data 08/06/2012.

V. O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4890004 "Convenio Asociación de Veciños Novo Vigo", cunha dotación orzamentaria de 4.938,50 €.

VI. En data 13/09/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 22/08/2019 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A Técnica de Administración Xeral, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 19/11/2019 emítese informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal concluíndo que:

*“En todo caso o Servizo Xestor, con carácter previo ao sometemento do expediente ao coñecemento da Xunta de Goberno Local, debe acomodar o prazo máximo de xustificación previsto na cláusula oitava, 11 de novembro de 2019, ás datas actuais.”*

De conformidade co solicitado, este servizo de Participación Cidadá, con data 20/11/2019, acomoda o prazo máximo de xustificación ás datas actuais, quedando así enmendada a observación feita polo servizo de intervención.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. OBXECTO**

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS NOVO VIGO (G27771195), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de mantemento e aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende novembro de 2018 ata setembro de 2019.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación de Veciños Novo Vigo”.

A entidade “Asociación de Veciños Novo Vigo”, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, entre os seus fins e obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, ten os seguintes:

- ✓ Defensa dos intereses xerais dos veciños, en calidade de usuarios e destinatarios finais da actividade urbanística, cultural, deportiva, educativa, sanitaria, de vivenda social, económica, de consumo, de participación en asunto de interese xeral da cidade, etc, fomentando as medidas participativas máis adecuadas.
- ✓ Informar e apoiar aos veciños en todas as cuestións que afecten aos seus intereses xerais.
- ✓ Asumir a representación dos veciños do ámbito territorial, adaptando as resolucións e levando a termo as actuacións que, pola súa importancia ou interés, lles afecten individual o colectivamente, ou aos intereses xerais da cidade.
- ✓ Fomentar o asociacionismo entre os veciños do ámbito territorial como instrumento de participación e defensa dos intereses xerais dos veciños.





## Concello de Vigo

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

### **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Losada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio Dona Ana María Martínez Barreiro, con DNI 36115648J, en calidade de Presidenta da “Asociación de Veciños Novo Vigo” (CIF: G27771195), con domicilio fiscal na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B (Vigo), en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 8956/320.

### **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime

xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria Xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímense conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónete á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de novembro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4890004 “*Convenio Asociación Veciños Novo Vigo*”, cunha dotación orzamentaria de 4.938,50 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á Asociación de Veciños Novo Vigo son gastos de aluguer e mantemento do local social.



## Concello de Vigo

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

### **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

## **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/11/18 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **3 de decembro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

## **VIII. PUBLICIDADE**



## Concello de Vigo

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### **RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización de data 19/11/2019 da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do

Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 4.938,50 € (catro mil novecentos trinta e oito euros con cincuenta céntimos), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890004 denominada “*Convenio Asociación Veciños Novo Vigo*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Veciños Novo Vigo” (CIF.- G27771195), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de novembro de 2018 e setembro de 2019, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento e aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 4.938,50 € (catro mil novecentos trinta e oito euros con cincuenta céntimos).

**TERCEIRO.-** Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE VECIÑOS NOVO VIGO” PARA O FOMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE, MEDIANTE A COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER E MANTEMENTO DO SEU LOCAL SOCIAL, ENTRE O 1/11/2018 ATA O 30/09/2019



## Concello de Vigo

### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D<sup>a</sup> Ana María Martínez Barreiro, con DNI 36115648J, en calidade de Presidenta da Asociación de Veciños Novo Vigo (CIF: G27771195), con domicilio fiscal na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B (Vigo), en nome e representación da mesma, segundo resulta do anexo incorporado ao expte. 8956/320.*

*E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

### **MANIFESTAN**

*I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, sanitarias, culturais, artísticas educativas, etc. influen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás*

*desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioculturais que redundan en beneficio da cidadanía.*

*II.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento do asociacionismo e da participación cidadá, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a atender as necesidades sociais, comunitarias e culturais dos*

veciños, sendo a “Asociación de Veciños Novo Vigo” unha das máis importantes entidades que perseguen estes obxectivos.

III.- Que, de conformidade co art. 2 dos seus Estatutos, a entidade “Asociación de Veciños Novo Vigo”, entre os seus fins e obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, ten os seguintes:

- ✓ Defensa dos intereses xerais dos veciños, en calidade de usuarios e destinatarios finais da actividade urbanística, cultural, deportiva, educativa, sanitaria, de vivenda social, económica, de consumo, de participación en asunto de interese xeral da cidade, etc, fomentando as medidas participativas máis adecuadas.
- ✓ Informar e apoiar aos veciños en todas as cuestións que afecten aos seus intereses xerais.
- ✓ Asumir a representación dos veciños do ámbito territorial, adaptando as resolucións e levando a termo as actuacións que, pola súa importancia ou interés, lles afecten individual o colectivamente, ou aos intereses xerais da cidade.
- ✓ Fomentar o asociacionismo entre os veciños do ámbito territorial como instrumento de participación e defensa dos intereses xerais dos veciños.

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo resolución do concelleiro delegado da Área, de data 08/06/12, a “Asociación de Veciños Novo Vigo” atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1163/12 no epígrafe 10.1.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade “Asociación de Veciños Novo Vigo” leve a cabo os proxectos e actividades sociocomunitarias, veciñais e culturais, planificadas, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de novembro de 2018 ata setembro de 2019, así como, os outros gastos de mantemento, necesarios para o desenvolvemento das súas actividades.

VI.- - Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4890004, denominada “Convenio Asociación de Veciños Novo Vigo” a favor da entidade, cunha asignación presupostaria de 4.938,50 €.

VII.- As actividades programadas pola Asociación de Veciños Novo Vigo, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de novembro do 2018 a setembro de 2019, son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

- Nadal en Navia
- Entroido en Navia
- Tarde en compañía “Tu cara me suena...”





## Concello de Vigo

- *Concerto de Cuncas Tibetanas*
- *Festival primavera do cine*
- *MqA Festimais (colaboración)*
- *Noite de San Xoan*
- *Vicus Spacorum*
- *Kilómetros por ti (colaboración)*
- *VII Navia Parque D'Arte*
- *Confraternidades Veciñais*
- *Escola de Empoderamento*
- *Exposicións pictóricas*
- *Obradoiros varios*
- *Charlas varias*

VIII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento e aluguer do local social da asociación, necesarios para organizar e levar a cabo as actividades programadas pola entidade para o ano 2019, cuxa contía total, segundo orzamento de gastos, e o que se reflicte a seguir:

<b>ORZAMENTO DE GASTOS DA ENTIDADE (novembro 2018 - setembro 2019)</b>	
<i>Aluguer local social</i>	4.656,30 €
<i>Taxa lixo</i>	173,90 €
<i>Subministro telefónico e FIBRA</i>	109,38 €
<b>TOTAL</b>	<b>4.939,58 €</b>

IX.- Que a entidade "Asociación de Veciños Novo Vigo" non incorre en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

X.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese público, social, cultural, formativo, informativo, reivindicativo... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Asociación de Veciños Novo Vigo", o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito sociocomunitario, cultural, formativo, informativo e artístico, co obxecto de contribuír ao fomento do asociacionismo e da participación cidadá, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

### **PACTOS**

**Primeiro.**- A entidade "Asociación de Veciños Novo Vigo" comprométese a colaborar coa concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.
2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.
3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.
6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.
8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.**- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "Asociación de Veciños Novo Vigo" unha subvención por importe de 4.938,50€ (catro mil novecentos trinta e oito euros con cincuenta céntimos), con cargo a aplicación orzamentaria nominativa nº 9240.4890004, denominada "Asociación



## Concello de Vigo

*Veciños Novo Vigo”, do vixente orzamento municipal (2019), co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social, situado na Rúa As Teixugueiras, nº 11, portal 6, oficina 9B, entre os meses de novembro de 2018 a setembro de 2019, necesario para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.*

*2. Respetar a estrutura organizativa da “Asociación de Veciños Novo Vigo”.*

*Pola súa parte, o Concello está facultado para:*

*1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.*

*2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

*3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.*

*4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.*

**Terceiro.-** *En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

**Cuarto.-** *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

**Quinto.-** A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

**Sexto.-** A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Sétimo.-** A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarse, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación dende o 01/11/2018 ata o 30/09/2019.

**Oitavo.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola "Asociación de Veciños Novo Vigo", mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **3 de decembro de 2019**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de



## Concello de Vigo

identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) *Solicitud de abono da subvención asinada electrónicamente.*

b) *Memoria descriptiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*

1. *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
2. *Datas e lugar de celebración.*
3. *Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
4. *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior, o programa do curso e horas de formación.*
5. *Actuacións realizadas.*
6. *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
7. *No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
8. *No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
9. *Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do financiamento.*

c) *Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada xustificarse con copias dixitalizadas asinadas dixitalmente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) *Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas dixitalmente** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:*

- *daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos*
- *en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...*
- *no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)*
- *de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria*
- *as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención*
- *cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fehaciente da exención expedida polo órgano ou administración competente*
- *as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención*
- *non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF*
- *no seu caso, xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención*
- *cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento*
- *cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado*

*e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismos Internacionais.*

*f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

*g) Declaración responsable do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*



## Concello de Vigo

- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executado na súa totalidade con un custe total de.....(importe total do proxecto).

*h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, en cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.*

**Noveno.-** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES03 2080 5571 16 3040003517 (Abanca).

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

**Décimo primeiro.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/11/18 e o 30/09/19.

**Décimo segundo.-** A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O xefe/a do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo terceiro.-** A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo cuarto.**- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o

reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo quinto.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo sexto.**- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.





## Concello de Vigo

*As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).*

*Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)*

**Décimo sétimo.**- *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**Décimo oitavo.**- *A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

**Décimo noveno.**- *O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019).*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,*

### **13(1043).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS. EXPTE. 8730/320.**

Visto o informe de fiscalización de data 26/11/19, dáse conta do informe xurídico-proposta de data 26/11/19, asinado pola xefa de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 07/03/2019, D. Antonio Castro Neira (DNI: 33304797S), en calidade de presidente da "Asociación de Personas Sordas de Vigo", con CIF: G-36622835, achegou escrito (doc.190034030), solicitando a celebración

dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de financiamento dos gastos derivados da contratación dun intérprete de lingua de signos durante o período comprendido entre o 01/03/19 ata o 30/09/19.

I.Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Antonio Castro Neira , a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

II.A Asociación de Personas Xordas de Vigo, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmete, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 21/10/2019
  - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 21/10/2019
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 21/10/2019
  - Certificado do Concello de Vigo, de data 22/08/2019

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

- 1.Solicitud de convenio de colaboración (anexo I).
- 2.Datos do representante legal (anexo II).
- 3.Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).
- 4.Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).
- 5.Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).
- 6.Datos da entidade bancaria (anexo VI).
- 7.Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención e o que se reflicte a seguir:

<b>CUSTE SALARIAL 2019 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS XORNADA A TEMPO PARCIAL (01/03/19-30/09/19)</b>	
Salario (7 meses)	727,85 €
Seguridade Social Empresa (7 meses)	238,37 €



## Concello de Vigo

Indemnización	169,83 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>6.933,34 €</b>

<b>INGRESOS</b>	<b>IMPORTE</b>
Concello de Vigo Participación Cidadá ILSE 2019	6.933,34 €
<b>TOTAL</b>	<b>6.933,34 €</b>

8. Contrato de traballo.

9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

- a) Fundamentación, obxectivos e metas
- b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
- c) Lugar de realización
- d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
- e) Recursos humanos e materiais
- f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a Asociación de Personas Xordas de Vigo, ", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 266/92, segundo resolución de Alcaldía de data 28/12/92.

V. O vixente exercicio presupostario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 "Convenio Asociación Persoas Xordas de Vigo", cunha dotación de 7.000,00 €.

VI. En data 22/08/2019 o concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 22/08/2019 do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. A técnica de Administración Xeral, asina memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

IX. Con data 26/11/2019 emítase informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, favorable, pero debido á imposibilidade material de dar cumprimento ao disposto no pacto décimo do texto do convenio, onde o prazo de xustificación remata o 31 de outubro de 2019, e co obxecto de evitar prexuízos á entidade interesada, e en aras de garantir o principio de seguridade xurídica, debe procederse á modificación do devandito prazo para o 4 de decembro de 2019.

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

### **I. OBXECTO**

O obxecto do presente expediente é axudar ao financiamento dos gastos derivados da contratación dun especialista intérprete de lingua de signos, a tempo parcial necesarios para a realización diaria de actividades da entidade, durante os meses de marzo a setembro de 2019 (01/03/2019 – 30/09/2019), que se consideran de interese público e social.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa “Asociación Personas Sordas de Vigo”.

Que a entidade “*Asociación de Personas Sordas de Vigo*”, conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos.
- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.
- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.
- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.
- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.
- Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes.
- Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.
- Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares.



## Concello de Vigo

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

### **II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES**

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, Abel Lozada Álvarez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 18/06/2019).

Doutra parte, asinará o convenio D. Antonio Castro Neira, con DNI 33304797S, en calidade de Presidente da Asociación Personas Xordas de Vigo (CIF.- G-36622835), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 8730/320.

### **III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non contén co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de *medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local*, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figu-

ran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

#### **IV. PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DIRECTA**

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónete á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de marzo de 2019 e o 30 de setembro de 2019, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

#### **V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

O vixente exercicio orzamentario (2019) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, inclúe expresamente a partida 9240 4890008 "*Convenio Asociación Persoas Xordas de Vigo*", cunha dotación orzamentaria de 7.000,00 €.

A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "*Asociación Persoas Xordas de Vigo*" no desenvolvemento das actividades subvencionadas.



## Concello de Vigo

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

### **VI. ANTICIPO**

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboaráse logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referenciados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

## **VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA**

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/03/19 e o 30/09/19, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo co art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **4 de decembro de 2019**.

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

## **VIII. PUBLICIDADE**

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá





## Concello de Vigo

rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no presuposto.

### **IX. ÓRGANO COMPETENTE**

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### **RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización de data 26/11/2019 da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

## ACORDO

**PRIMEIRO. - AUTORIZAR e DISPOR** o gasto por importe de 7.000,00 € (sete mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008 denominada “*Convenio Asociación Persoas Xordas de Vigo*”, incluída no vixente orzamento municipal de 2019.

**SEGUNDO. - APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “*Asociación Personas Sordas de Vigo*” (CIF.- G36622835), cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial, durante os meses de marzo a setembro de 2019 (01/03/19 – 30/09/19) e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONDECER** á referida entidade, unha subvención de 7.000 € (sete mil euros).

**TERCEIRO.-** Facultar ao concelleiro de Cultura, Emprego e Participación Cidadá D. Abel Losada Álvarez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN DE PERSONAS SORDAS DE VIGO” PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS**

#### **REUNIDOS**

*Dunha parte, D. Abel Losada Álvarez, na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, Don Antonio Castro Neira (DNI: 33304797S), en calidade de presidente da “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, con CIF: G-36622835, con domicilio social na*



## Concello de Vigo

*Rúa Romil, 24 Baixo, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente 8730/320.*

*E, actuando dona María Concepción Campos Acuña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.*

*Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,*

### **MANIFESTAN**

*I- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto Refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.*

*Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.*

*II- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” (ASV), atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo có número 266/92.*

*III.- Que a entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo”, conforme ao establecido no artigo 7 dos seus Estatutos asume a representación e defensa dos intereses das persoas xordas e dos seus familiares no seu ámbito territorial, a cuxo efecto asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:*

- Representar ás persoas que a integran, participando nos foros sociais e organismo públicos oportunos.*
- Traballar para mellorar a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares nos eidos familiar, infantil, educativo, sanitario, laboral e calquera outro.*
- Traballar para acadar un marco legal que permita a plena igualdade e participación social das persoas xordas.*
- Traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a Lingua de Signos Española, impulsando a súa investigación e difusión.*
- Impulsar o pleno acceso das persoas xordas a todos os niveis do sistema educativo, fomentando o bilingüismo- biculturalismo.*
- Promover o acceso á formación e ao emprego das persoas xordas en igualdade de oportunidades que o resto da cidadanía.*
- Fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación de barreiras de comunicación.*

- *Potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de Lingua de Signos en todos os ámbitos da vida social, velando pola adecuada formación das persoas intérpretes.*
- *Sensibilizar á sociedade sobre as necesidades e demandas das persoas xordas e dos seus familiares.*
- *Fomentar a investigación sobre calquera tema de interese para mellorar a situación social e a calidade de vida das persoas xordas e dos seus familiares.*

*IV.- Entre os principios que informan a actuación da ASV, encóntranse ao respecto á pluralidade e diversidade dos seus asociados, a transversalidade nas súas actuacións, a participación igualitaria entre homes e mulleres, ou a autonomía, independencia e protagonismo das persoas xordas. As súas actividades están abertas a calquera beneficiario que reúna as condicións esixidas pola índole dos seus fins.*

*As accións desenvolvidas pola ASV foron evolucionando dende o obxectivo de crear un “punto de encontro” na cidade, ata o momento actual no que se persegue o logro dunha real e efectiva participación das persoas xordas na sociedade, mellorando a súa calidade de vida e tentando ofrecer cada vez un maior número de actividades e servizos.*

*V.- Que o Concello de Vigo, é coñecedor das actividades que ven realizando a ASV para atender as necesidades deste colectivo, e en consideración ao seu interese tanto social, público e de promoción dunha finalidade pública, e tendo en conta que a ASV é a principal representante deste colectivo, estímase conveniente a concesión da subvención solicitada co obxectivo de establecer un marco de colaboración entre o servizo de Participación Cidadá e a ASV para aumentar os medios humanos ao servizo deste colectivo, co fin de mellorar, por unha banda, as tarefas de xestión e organización do persoal directivo, laboral ou colaborador da devandita asociación para levar a cabo as actividades programadas no local social, e por outro lado, garantir a cooperación entre estas dúas entidades para que nas súas actividades anuais poidan contar cun profesional intérprete da lingua de signos que facilite a comunicación directa ás persoas con discapacidade auditiva.*

*VI.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado polo Pleno Xeral, en sesión ordinaria do 26/12/2018, prevé nominativamente, na partida 9240.4890008 “Convenio Asoc. Xordos”, a concesión dunha subvención por importe de 7.000 € a favor da “Asociación de Persoas Sordas de Vigo”.*

*VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, as partes intervinientes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da súa concesión, cuxo obxecto é axudar ao financiamento dos custes salariais, derivados da contratación dun profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de marzo a setembro de 2019 (01/03/19- 30/09/19), tanto para mellorar os servizos ofertados no seu local social, como aqueles outros requiridos pola Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, e demais asociacións legalmente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. O custe salarial, segundo memoria achegada pola entidade, é o reflectido a seguir:*



**Concello de Vigo**

<b>CUSTE SALARIAL 2019 INTÉRPRETE LINGUA DE SIGNOS XORNADA A TEMPO PARCIAL (01/03/19-30/09/19)</b>	
Salario (7 meses)	727,85 €
Seguridade Social Empresa (7 meses)	238,37 €
Indemnización	169,83 €
<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>6.933,34 €</b>

VIII.- Que a entidade ASV, non incorre en ningunhas circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que incorporadas ao expediente.

IX.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo", o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

#### **PACTOS**

**Primeiro.**- A entidade "Asociación de Personas Sordas de Vigo" comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo en canto a prestación dos servizos dun intérprete da lingua de signos e, concretamente, a:

- Contratar os servizos do profesional intérprete da lingua de signos a tempo parcial durante os meses de marzo a setembro de 2019 (01/03/19 - 30/09/19), organizar e planificar o traballo que vai desempeñar.
- A persoa contratada para a prestación do servizo de intérprete de lingua de signos deberá cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, Seguridade Social e saúde laboral.
- Encargarse de facer os pagos das cantidades correspondentes a terceiros, no que respecta a soldos, seguros, retencións etc., motivadas polas accións emprendidas neste convenio, a tal efecto, a Asociación deberá presentar copias dixitalizadas, asinadas dixitalmente, dos documentos acreditativos da cotización á Seguridade Social e de retención e ingreso a conta do IRPF respecto da persoa dependente da asociación adicado ao cumprimento do obxecto do presente convenio.
- O Concello de Vigo, en ningún caso, asumirá responsabilidade algunha respecto ao referido persoal.
- Os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos desenvolveranse conforme as peticións e planificación anual da "Asociación de Personas Sordas de Vigo". Todas as demandas deberán ser cubertas, na medida do posible, na súa totalidade, en especial, en materia de horarios.
- Nas conferencias, relatorios ou na organización de eventos en coordinación co servizo de Participación Cidadá, facilitarase o enderezo, o horario e as condicións da sala, a situación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada

30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre ás peticións formuladas polo profesional intérprete da lingua de signos, para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitarase sempre que foxe posible e, como mínimo, cunha semana de antelación, un resumo ou copia do relatorio a impartir. Comunícarase calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade e, no seu caso, a nova data e horario de celebración.

- g) O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de 23 horas 45 minutos semanais, organizándose dende a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” conforme a planificación presentada.
- h) O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ambas as partes.
- i) O servizo ofrecido polo intérprete será totalmente gratuíto.
- j) O custe imputable ao Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Personas Sordas de Vigo” para o ano 2019, será o correspondente ao período de contratación real do/a intérprete da lingua de signos, é dicir, de marzo a setembro de 2019 (01/03/19- 30/09/19) e o custe que subvencionará o Concello de Vigo, en ningún caso, superará o importe conveniado de 7.000 €.
- k) Facilitar a actuación de inspección, control que, en calquera momento, poderán realizar os técnicos do Concello de Vigo, para o seguimento e comprobación do cumprimento do obxecto do convenio, polo que, a entidade estará obrigada a achegar canta información e documentación se lles solicite.
- l) Presentar ao Concello, a través do Servizo de Participación Cidadá, no prazo e nos termos sinalados na cláusula décima do presente convenio, a memoria final, sobre o desenvolvemento da actividade e cumprimento do obxecto do convenio, xunto coa correspondente memoria económica, que incluírá a conta xustificativa de gastos subvencionados e balance anual.
- m) Darlle ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través de presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, subministrado polo servizo de Participación Cidadá, que se trata dun servizo subvencionado, respectando en todo momento a súa imaxe corporativa.
- n) Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.
- o) Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.
- p) En xeral, cumprir coas obrigas establecidas para as entidades beneficiarias das subvencións no artigo 14 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- q) Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- a) Artellar os medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.
- b) Conceder directamente á entidade “Asociación de Personas Sordas de Vigo” unha subvención por importe de 7.000 €, con cargo á partida orzamentaria nº 9240 4890008, denominada “Convenio Asoc. Xordos”, co obxecto de axudar ao financia-



## Concello de Vigo

*mento dos custes salariais, derivados da contratación, a tempo parcial dun profesional intérprete da lingua de signos, durante os meses de marzo a setembro de 2019 (01/03/19 – 30/09/19).*

- c) Respetar a estrutura organizativa da Asociación de Personas Sordas de Vigo.*
- d) Obter e requirir a información necesaria, a fin de determinar o cumprimento por parte da asociación do acción conveniada.*
- e) Determinar, á vista da información e documentación achegada no momento da xustificación, segundo o disposto na cláusula décima, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.*

**Terceiro.**- *A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención nominativa formalizada mediante o presente convenio, que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa o indirectamente pola "Asociación de Persoas Sordas de Vigo" no desenvolvemento das actividades suvencionadas.*

**Cuarto.**- *En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

**Quinto.**- *Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo a prestación do servizo obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula décima deste convenio.*

*A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.*

*De conformidade co art. 42 e ss. do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa Asociación de Persoas Sordas de Vigo.*

**Sexto.-** *Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

**Sétimo.-** *A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.*

**Oitavo.-** *A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal do proxecto subvencionado mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo ou informativo que se publique ao respecto. Así mesmo, colocará, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación para o ano 2019.*

**Noveno.-** *A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

**Décimo.-** *O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique o cumprimento do obxecto do convenio. A xustificación da subvención realizarase pola Asociación de Personar Sordas de Vigo mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente memoria xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **4 de decembro de 2019**.*

*En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal>, do mesmo xeito que para concorrer ao procedemento.*

*A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de*





## Concello de Vigo

medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais en papel, asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa conterá, con carácter xeral, a seguinte documentación:

- a) *Solicitud de abono da subvención asinada electrónicamente.*
- b) *Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:*
  1. *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.*
  2. *Datas e lugar de prestación do servizo.*
  3. *Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
  4. *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e horas de formación.*
  5. *Actuacións realizadas.*
  6. *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
  7. *No seu caso, memoria de prensa e comunicación.*
  8. *No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.*
  9. *Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.*

c) *Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.*

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarse **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente**, que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- de conformidade co carácter finalista das subvencións, non se admitirán documentos xustificativos que correspondan a conceptos non presupostados no proxecto
- as retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Contrato de traballo
- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e/ou o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade.



## Concello de Vigo

g) *Declaración responsable asinada electrónicamente do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

- *Que responde da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegada.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
- *Que os xustificantes acreditativos dos gastos foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
- *Cando se xustifiquen gastos que constituían rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicado a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
- *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*
- *No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.*

h) *Fotocopia do contrato de traballo.*

i) *No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non incorrer en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.*

**Décimo primeiro.-** *A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES05 1491 0001 2921 88400424 (TRIODOS BANK)*

**Décimo segundo.-** *Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

**Décimo terceiro.-** *Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no 2019 no período comprendido entre o 01/03/19 ao 30/09/19.*

*Xustificaranse os gastos polo concepto e importe solicitados: os gastos subvencionados teñen carácter finalista, non se admite compensación ou substitución por outros conceptos ou importes diferentes aos consignados na solicitude de subvención.*

**Décimo cuarto.-** *A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo da Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá. O/A xefe/a do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

**Décimo quinto.**- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Cultura, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo sexto.**- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 da LXS.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo sétimo.**- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, , Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo oitavo.**- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obligatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.



## Concello de Vigo

*As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).*

*Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: [dpd.vigo@vigo.org](mailto:dpd.vigo@vigo.org)*

**Décimo noveno.-** *A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

**Vixésimo.-** *A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.*

**Vixésimo primeiro.-** *O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despreparará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2019).*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica”*

### **14(1044).- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS “SUBVENCIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ”. EXPTE. 8921/320.**

Visto o informe de fiscalización de data 22/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 22/11/19, asinado pola técnica de xestión, a xefa de Participación Cidadá (Resolución do 23/10/19), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

Con data 5 de xullo de 2019, o concelleiro delegado da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, resolveu que polo Servizo de Participación Cidadá se iniciara a

tramitación de expediente de “Bases reguladores das subvencións para a organización de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá”

A Xunta de Goberno Local, de data 7 de novembro de 2019 aprobou convocatoria, o extracto da mesma, e as bases reguladoras das “*SUBVENCIONES PARA A ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIADADA*”

O obxecto da de subvencións é:

1. Regular a concesión de axudas para a organización de actos sociais e encontros veciñais celebrados por entidades inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, nos epígrafes 1, 2, 3.2, 10.1 e 10.5, para o financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, dentro período comprendido entre o dende o **1 de xaneiro ata o 11 de novembro** do presente exercicio, no termo municipal de Vigo.
2. Colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades que sexan abertas ao público xeral, de libre acceso e gratuíto e que se realicen en espazos abertos.
3. Garantir o efectivo desenvolvemento das actividades programadas de carácter social, cultural, e festivo en consideración ás posibles condicións meteorolóxicas adversas que puideran afectar, impedir ou menoscabar a súa celebración.

Trala publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, de data 21/11/2019 (BOP núm. 224), se iniciou o prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes de subvención, o cal remata o vindeiro 2 de decembro.

Segundo o disposto nas base 13<sup>a</sup> da convocatoria, o prazo máximo para a xustificación das axudas finaliza o 29 de novembro de 2019.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

### **1. MODIFICACIÓN DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS**

Debido á imposibilidade material de dar cumprimento ao disposto na Base 13 segundo a cal , o prazo de xustificación das subvencións remata con data 29 de novembro de 2019, é dicir, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes, e co obxecto de evitar prexuízos ás entidades interesadas, e en aras de garantir o principio de seguridade xurídica, debe procederse á modificación do devandito prazo, xa que, do contrario, as bases devirían nun acto de contido imposible.

En atención ás consideracións expostas, se propón, a ampliación do prazo de xustificación das subvencións previsto nas bases da convocatoria, mantendo inalteradas as restantes normas reguladoras das ditas axudas.



## Concello de Vigo

Deste xeito, onde di: o prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 29 de novembro de 2019, debera dicir: o prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 16 de decembro de 2019

### **2. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS**

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Á vista do anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte

#### **ACORDO:**

**PRIMEIRO.- AMPLIAR** o prazo de xustificación das axudas previsto na Base 13ª reguladora das “*SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACION DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACION CIADADÁ*”, modificando o texto do primeiro parágrafo co seguinte tenor literal:

- “*As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 16 de decembro de 2019*” (...)

**SEGUNDO.- PUBLICAR**, unha vez aprobada, a ampliación do prazo de xustificación das axudas previsto na Base 13ª reguladora das “*Subvencións para a organización de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá*” na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), BOP, portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www. Vigo.org](http://www.Vigo.org)), conforme ao art. 14.1 da LSG.

**TERCEIRO.- RECURSOS:** contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que

sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **15(1045).- PROPOSTA DE ADSCRIPCIÓN Á CONCELLERÍA DELEGADA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO INMOBLE SITO NO N.º 10 DA SUBIDA O CASTRO. EXPTE. 20401/240.**

Dáse conta do informe-proposta de data 18/11/19, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Área de Patrimonio, que di o seguinte:

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).

L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).

RD 1372/1986 de 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

#### **INFORME-PROPOSTA:**

PRIMEIRO.- Pola Concellería de Política Social manifestouse o 23 de outubro pasado, a necesidade dunha instalación na zona do casco vello onde desenvolver actividades de apoio a familias do programa socioeducativo de infancia e familia ,considerando que as intalacións do inmovible municipal sito no n.º 10 da Subida ao Castelo que se atopa pechado, resultan idoneas a ditos fins polo que solicita lle sexa adscrito o inmovible, facendose cargo das obras de reparación necesarias para o desenvolvemento das actividades.

SEGUNDO.- Interesado informe á Concellería Delegada da Area de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, a quen figura adscrito o inmovible, sobre o uso e necesidade deste aos fins públicos por parte de dita Concellería, emítese informe o pasado día 31 de outubro, no que sinala que:

*1.- A xestión do Centro de Artesanía Tradicional-CAT adscribiuse á área competencial de Cultura por decreto da Alcaldía de data 1 de agosto de 2011, estando anteriormente adscrito á Concellería de Patrimonio Histórico.*

*2.- O decreto de delegación de competencias do Alcalde nos concelleiros/as, de data 26 de xuño pasado, inclúe na Área de Cultura, en materia de Museos, o seguinte:*

*“2.- Exercer as competencias municipais en relación cos equipamentos da Rede de Museos Municipais para o seu impulso, promoción, xestión e coordinación, agás as competencias que as normas específicas de cada equipamento atribúa á Alcaldía-Presidencia ou a outro órgano municipal, en particular:*

*a) Museo Municipal “Quiñones de León”-Pazo de Castrelos.*

*b) Verbum-Casa das Palabras.*





## Concello de Vigo

- c) Casa das Artes.
- d) Pinacoteca Municipal "Francisco Fernández del Riego"
- e) Centro de Arte Fotográfica de Vigo-CAFVI.
- f) Centro de Artesanía Tradicional-CAT."

3.- Actualmente o Goberno Municipal acaba de impulsar unha redefinición da Rede de Museos Municipais do Concello de Vigo, que conleva o análise e avaliación polo miúdo da situación de todos os equipamentos que a conforman, así como aqueles que se xestionan por fundacións que contan cunha aportación económica municipal substancial e maioritaria (Marco, Laxeiro e Liste).

O obxectivo prioritario desta redefinición é a especialización e redacción dun plan de usos para cada un dos equipamentos da rede, de forma que se mellore a súa eficacia e eficiencia de cara aos cidadáns.

Este proxecto, iniciado hai uns meses, redactarase a medio prazo e dos seus resultados derivaranse diversas actuacións de mellora ou modificación dos inmobles e os seus contidos. Por este motivo, non existe nestes intreos unha data concreta na que vaia a estar finalizado.

4.- A Fundación Liste encargouse ata xaneiro de 2019 das actividades de dinamización do Centro de Artesanía Tradicional-CAT, pero na reunión do seu patronato do mes de decembro de 2018, amosou expresamente a súa intención de non continuar con ese programa por considerar que non tiña relación directa cos obxectivos e finalidades da fundación.

5.- Á vista desta situación, por parte da Área de Cultura non existe inconveniente na tramitación por parte desa Área de Xestión Patrimonial e Territorial dunha readscrición do Centro de Artesanía Tradicional-CAT á Concellería de Benestar Social, xa que a día de hoxe non está aberto ao público.

6.- Debo facer fincapé en que actualmente existen contratos de mantemento preventivos no citado inmovible en vigor, que finalizan a 31 de decembro de 2019 e sen posibilidade de prórroga.

Actualmente, a Área de Cultura traballa na licitación plurianual destes servizos de mantemento en Bibliotecas, Auditorio Municipal e Rede de Museos Municipais, con entrada en vigor estimada o 1 de xaneiro de 2020.

Á vista das xestións que están a realizar nesa área, teño dado indicacións de que o Centro de Artesanía Tradicional-CAT non sexa incluído no listado de inmobles a manter con cargo a esas licitacións, polo que se deberá prever polo novo responsable esta cuestión a partir da data indicada."

TERCEIRO.- Dacordo cos datos reflexados nos traballos de revisión e actualización do IMBD, dito inmovible situado na Subida ao Castelo é de titularidade municipal, figurando co n.º de propiedade 4316 (provisional), de natureza xurídica demanial, afecto ao servizo público e adscrito ao servizo de museos.

CUARTO.- No presente caso, toda vez que o local se atopa na actualidade pechado e sen uso, tendose informado favorablemente pola Concellería Delegada da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá a readscrición do inmovible (Centro de Artesanía Tradicional-CAT) á Concellería de Benestar Social, xa que a día de hoxe non está

aberto ao público, non observase inconveniente en acceder a dita readscripción solicitada pola Concellería de Benestar Social para o desenvolvemento de actividades de apoio a familias do programa socioeducativo de infancia e familia. A operación patrimonial de readscripción non modifica a natureza do ben que mantense como dominio público, pola súa afectación aos servizos administrativos municipais, debendose non obstante reflexar na ficha de propiedade co que figura no IMBD os novos datos de destino e adscripción que se fai a prol da Concellería de Benestar Social.

Por todo o anteriormente exposto, propónse a Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“PRIMEIRO.- Readscribir á Concellería Delegada de Benestar Social, o inmovible de titularidade municipal sito no n.º 10 da Subida o Castelo (n.º provisional de propiedade 4316 do IMBD), ata agora dependente da Concellería Delegada da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, para súa adicación as competencias municipais que ten atribuídas en materia de Políticas de familia e infancia, Servizos Sociais e atención ás persoas maiores, inmigración e drogodependencias.

SEGUNDO.- Actualizar os datos da propiedade n.º 4316 (provisional) do IMBD , reflexando a adscripción acordada.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo á Concellería Delegada de Benestar Social e á Concellería Delegada da Área de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, para o seu coñecemento.”

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **16(1046).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DE GASTOS XUDICIAIS DO EFECTIVO CON NÚMERO DE PERSOAL 13920. EXPTE. 34886/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 18/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 13/11/19, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

I.- En escrito de data 14/09/2019, foi presentada polo Sr. Gutierrez Orúe, con DNI nº \*\*\*\*\*232 R escritos de solicitude de abono de gastos xudiciais (doc. nº 190141405 e doc nº. 190141406), por importe de 181,50 euros cada un, acompañado de facturas 2019/173 e 2019/175 respectivamente; elo consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento abreviado nº 1615/2016 (factura 2019/173), seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo, tendo sido ditado Auto 2/2018 de data



## Concello de Vigo

29/12/2017 polo que se acordou o desestimento do recurso de apelación de Xuntos por Galicia; e do persoamento no procedemento abreviado nº 3428/14 (factura 2019/175), seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo, tendo sido ditado Auto de data 04/12/2017 polo que se acordou o Sobresemento provisional e arquivo de actuacións .

II.- O importe solicitado ascende a unha contía de **263,00 euros** (181,50 euros correspondente a factura 2019/173 e 181,50 euros correspondente a factura 2019/175).

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- O Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, establece no seu artigo 14 o dereito dos empregados públicos á defensa xurídica e protección da Administración Pública nos procedementos que se sigan ante calquera orde xurisdiccional como consecuencia do exercicio lexítimo das súas funcións ou cargos públicos.

II.- O artigo 36 do vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, aprobado en sesión plenaria de data 28 de decembro do 1998, establece que o Concello, ben a través dos seus servizos xurídicos ou con profesionais contratados prestará asesoramento e defensa xurídica ao persoal nos litixios derivados de feitos ocorridos como consecuencia do desenvolvemento das funcións propias do seu cargo, sen prexuízo do reembolso das cantidades que procedan si se demostrase na sentenza que existiu por parte do funcionario/a extralimitación, abuso de autoridade, dolo ou negligencia grave no exercicio das súas funcións.

III.- A sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, establece os requisitos para que unha Corporación poida considerar os gastos de representación e defensa dos seus membros nun proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados no exercicio do cargo. O fundamento xurídico terceiro da citada Sentenza sinala que a Entidade Local, “en uso de su autonomía reconocida por el artículo 137 de la Constitución española, puede considerar los gastos de representación y defensa de un proceso penal como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo, a condición de que no concurren circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad y además se den los siguientes requisitos:

-Que hayan sido motivados por una inculpación que tenga su origen o causa directa en su intervención en una actuación administrativa o de otra índole realizada en el cumplimiento de las funciones atribuidas por las disposiciones aplicables a su actividad como miembro de la Corporación o en el cumplimiento o ejecución de acuerdos de los órganos de esta sala.

-Que dicha intervención no haya sido llevada a cabo con abuso, exceso, desviación de poder o en convergencia con intereses particulares propios de los interesados o del grupo político o de otra índole al que pertenecen susceptibles de ser discernidos de los intereses de la Corporación, pues en tal caso la actuación no puede considerarse como propia del ejercicio de su función, sino como realizada en interés particular, aunque externa o formalmente no sea así.

-Que se declare la inexistencia de responsabilidad criminal por falta objetiva de participación o de conocimiento en los hechos determinantes de la responsabilidad penal, la inexistencia

de estos o su carácter ilícito. De haberse contraído responsabilidad criminal, no puede entenderse que la conducta realizada lo haya sido en el ejercicio de sus funciones, sino abusando de ellas”.

**IV.-** Con data 28 de xuño de 2017, Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, emitiu “Informe xeral sobre gastos de defensa letrada e representación de corporativos e empregados municipais derivados de procedementos penais en relación co exercicio das súas funcións propias”, informe anexado ao expediente.

No presente caso consta a presentación das facturas (factura 2019/173 e factura 2019/175) asinadas polo procurador Sr. Curbera Fernández, o Auto 2/2018 de data 29/12/2017 polo que se acordou o desestimento do recurso de apelación de Xuntos por Galicia e o Auto de data 04/12/2017 polo que se acordou o Sobreseimento provisional e arquivo de actuacións. Consta tamén xustificante de transferencia polo que se aboa a cantidade reclamada. Por outra parte, non estamos ante un suposto de actuación allea ao exercicio lexítimo das funcións asignadas, nin contraditorio coas regras xerais e os deberes sinalados no estatuto e o código de conduta dos empregados públicos ou corporativos locais, cumpríndose igualmente os requisitos da sentenza do Tribunal Supremo (Sala Terceira, do Contencioso-Administrativo) de 4 de febreiro de 2002, anteriormente citada.

**V.-** De conformidade co anteriormente exposto, e vistas as competencias que en canto á autorización e disposición de gastos en materias competencias relativas ao persoal municipal ostenta a Xunta e Goberno Local ex artigos 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse a imputación orzamentaria do gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, sempre nos termos do indicado no previo o preceptivo informe de fiscalización previa do gasto proposto pola Intervención Xeral Municipal (artigos 213 a 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

En consecuencia, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal nos termos do establecido no Decreto da Excm. Alcaldía de 19/06/2015, elévase ao dito órgano a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**“PRIMEIRO.-** Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados Sr. Gutierrez Orúe, con DNI nº \*\*\*\*\*232 R, como consecuencia do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento abreviado nº 1615/2016 (factura 2019/173), seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 4 de Vigo, tendo sido ditado Auto 2/2018 de data 29/12/2017 polo que se acordou o desestimento do recurso de apelación de Xuntos por Galicia e do persoamento do mesmo -en calidade de investigado- no procedemento abreviado nº 3428/14, seguidas perante o Xulgado de Instrución nº 1 de Vigo, tendo sido ditado en data 4/12/2017, Auto de sobreseimento provisional e arquivo das actuacións.

Os ditos gastos concréntanse nun importe total de **263,00 euros** (181,50 euros correspondente a factura 2019/173 e 181,50 euros correspondente a factura 2019/175), segundo as facturas emitidas polo procurador Sr. Curbera Fernández.

Debendo imputarse o gasto á aplicación orzamentaria 9200.2260400 “Gastos notariais e



## Concello de Vigo

xudiciais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos do indicado no preceptivo informe de fiscalización previa do gasto.

**SEGUNDO.-** Notificar o presente acordo o/a interesado/a e Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(1047).- NOMEAMENTO INTERINO BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1.A) DO TREBEP, DE 5 DIPLOMADAS EN TRABALLO SOCIAL PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 34987/220.**

Visto o informe de fiscalización de data 26/11/19, dáse conta do informe-proposta de data 25/11/19, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

### **ANTECEDENTES**

**1.-** Con data 28/12/2017, a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria adoptou acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2017 (expte 29567-220), publicada no BOP nº248 de 29/12/2017. Posteriormente, por acordo da xunta de goberno local de 22/03/2018 rectifícase erro no anterior acordo, sendo publicado no BOP nº 81 de 26/04/2018 e no DOG nº 118 de 21/06/2018. Así mesmo, por acordo da xunta de goberno local de 26/06/2019 rectifícase o anterior acordo, sendo publicado no BOP nº 155 de 14/08/2019 e no DOG nº 173 de 12/09/2019.

**2.-** Con data 30/08/2019, a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria adoptou acordo de aprobación da Oferta de Emprego Público 2019 (expdte. 33237/220), publicada no BOP nº 174 de 11/09/2019 e no DOG nº 182 de 25/09/2019.

**3.-** Con data 01/10/2019, a xefa do servizo e o xefe da área de Benestar Social, coa conformidade da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social, remite oficio manifestando a necesidade de cubrir interinamente seis prazas de diplomados en traballo social correspondentes ás OEP 2017 (unha) e OEP 2019 (cinco).

**4.-** Con data 04/10/2019 solicítase informe técnico que é emitido polo técnico de organización e planificación de recursos humanos e formación con data 08/11/2019, incluíndo a proposta de gasto, constando o mesmo no expediente, que recolle que “O presente expediente do nomeamento interino con cargo a prazas vacantes de Diplomado/a en traballo Social, incluída unha delas na Oferta de Emprego Público, correspondente ao ano 2017, aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 28/12/2017, publicada no BOP de 29 de decembro seguinte, modificada por acordo do mesmo órgano de data 22/03/2018, e publicada no BOP de 26/04/18 e no DOG de 21 de xuño de 2018 e, de cinco prazas da mesma denominación vacantes e incluídas na Oferta de Emprego Público, correspondente ao ano 2019 (unha delas reservada para discapacitados/as), aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local de 30/08/2019, publicada no BOP de 11 de setembro de 2019, e no DOG de 25 de setembro seguinte, que suman un total de seis prazas vacantes de Diplomado/a en Traballo Social, cód. 81 da Relación de Postos de Traballo, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, sería de imputación ao exercicio económico 2019 e exercicios sucesivos ata a execución das referidas ofertas de emprego.

No Servizo, cód. 301-Benestar Social, aplicación orzamentaria 231.0 do vixente orzamento, existen prazas e conseguintes postos vacantes de Diplomado/a Traballo Social, cód. 81. En consecuencia, existe nese Servizo crédito adecuado e suficiente que permita formular a proposta.”

Conclúe con que “As seis prazas de Diplomado/a en Traballo Social incluídas nas Ofertas de Emprego Público correspondentes aos anos 2017 e 2019, atópanse vacantes, polo que a xuízo do que subscribe, coas reservas indicadas no presente informe, estarían en disposición de ser cubertas.”

**5.-** A Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 11/11/2019, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para que, polo procedemento legal oportuno, sempre na medida das posibilidades legais e de dispoñibilidade orzamentaria e sostibilidade financeira do capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais; e previa a realización da tramitación administrativa preceptiva, se proceda á incorporación dos efectivos solicitados. Así, debe procederse á correspondente proposta á Xunta de Goberno Local para o nomeamento interino con cargo a vacante de cinco diplomados/as en traballo social (unha praza correspondente á oferta de emprego público 2017 e catro prazas correspondentes á oferta de emprego público 2019), previstos no artigo 10.1.a) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, extinguíndose automaticamente no momento en que se cubran definitivamente ditas prazas, previa resolución dos procedementos selectivos, competitivos e públicos incluídos nas ofertas de emprego correspondente aos anos 2017 e 2019.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).



## Concello de Vigo

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

#### I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”*

## **II.- Nomeamento de funcionarios interinos con cargo a praza vacante:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o nomeamento de funcionarios/as de carreira en execución da Oferta de Emprego correspondente ao ano 2018, segundo o caso.

O apartado 4 do artigo 10 do TREBEP establece que no suposto previsto na letra a) do apartado 1 deste artigo, as prazas vacantes desempeñadas por funcionarios interinos deberán incluírse na oferta de emprego correspondente ao exercicio en que se produce o seu nomeamento e, se non fose posible, na seguinte, salvo que se decida a súa amortización. No caso actual as citadas prazas xa foron incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2018, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión de 23/11/2018.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 81-diplomado/a en traballo social), adscritos ao Servizo de Benestar Social, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos





## Concello de Vigo

servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Consta o escrito da xefa do servizo e do xefe de área de benestar social, solicitando a cobertura das vacantes, así coma a instrución da Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal de data 11/11/2019, no que se ordena o inicio do presente expediente. O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### **IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de organización e planificación de recursos humanos, que consta no expediente:

“O custo anual dos seis postos vacantes de Diplomado/a Traballo Social para o exercicio 2019 e de 308.336,38€, distribuído nas seguintes partidas orzamentarias: 120.0100 (soldo base, por un importe anual de 82.388,52€), 121.0001 (complemento de destino, por un importe anual de 55.361,04€), 121.0101 (complemento específico por un importe anual de 95.894,40€) e, 160.00.00 (Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 74.692,80€), significando que o custe máximo para o presente ano deste expediente será de 51.389,46€ (dos que 38.940,66€ corresponden a retribucións e, 12.448,80 a seguridade social a cargo da Empresa), gasto correspondente a un máximo de 2 meses, toda vez que non estarían en condición de ser nomeados/as ata polo menos o 1 de novembro actual.

Dito custe imputarase as partidas orzamentarias 120.0100 (soldo base, por un importe anual de 13.731,42€), 121.0001 (complemento de destino, por un importe anual de 9.226,84€), 121.0101 (complemento específico por un importe anual de 15.982,40€) e, 160.00.00

(Seguridade Social a cargo empresa por un importe anual de 12.448,80€), por un total de 51.389,46€”

Tendo en conta que o técnico informa para o caso de **seis** diplomados/as en traballo social que iniciaran o nomeamento con data **01/11/2019**, e que en realidade serán **cinco** e que como pronto poderán comezar o nomeamento con data **02/12/2019**, o custo máximo anual do presente expediente para cinco diplomados/as en traballo social para o presente ano será de **21.412,28 € (dos que 16.225,28 € corresponden a retribucións e, 5.187,00 € a seguridade social a cargo da Empresa) gasto correspondente a un máximo de 1 mes.**

O custo dos ditos nomeamentos interinos para o exercicio 2019 imputarase con cargo ao programa orzamentario 231.0, partidas orzamentarias: 120.0100 (soldo base), 121.0001 (complemento destino), 121.0101 (complemento específico) e 160.0000 (seguridade social a cargo da empresa).

Advírtese no citado informe que o gasto que suporía a aprobación do presente expediente, así como outros expedientes que impliquen novos nomeamentos interinos dos contemplados no artigo 10.1 do TREBEP, **incluídos os nomeamentos con cargo a prazas vacantes, como é o caso**, e que supoñen incremento de compromiso de gasto para o presente e vindeiros anos, poderán afectar, no que respecta aos créditos orzamentarios, a realización das modificacións de crédito necesarias para suplementar as partidas as que se refire o informe técnico de sostenibilidade do Capítulo I do Orzamento, que figura no expte. 33833/220, anteproxecto do capítulo I do Orzamento para o vindeiro ano 2020, trámite 85, derradeiro parágrafo, que se transcribe:

*“En conclusión, tendo en conta o número de postos da Relación de Postos de Traballo vacantes, que están dotadas para todo o ano e que non están incluídas en ningunha Oferta de Emprego Público por limitacións legais, conformarán recursos para suplementar as aplicacións deficitarias en canto ao gasto previsto, sempre en cando se realice unha planificación previa de toda a actividade administrativa que supoña gasto imputable ao capítulo I de gastos, respectando os límites previstos na Disposición Adicional sétima das Bases de Execución do Orzamento”, en concreto as aplicacións 9200.1400000, 9200.1430001, 9200.1500000, 9200.1510000, e, 2210.1610400”.*

Engade así mesmo que “ata a data foron tramitadas dezaseis modificacións orzamentarias por importe total de 7,685,375,13€, con cargo a prazas vacantes, polo que de procederse a cobertura dun número elevado de vacantes non será posible manter o nivel de gasto das partidas antes mencionadas. Polo técnico que subscribe, enténdese a necesidade de realizar a correcta planificación da cobertura de novos nomeamentos interinos con cargo as prazas vacantes incluídas nas OEPs pendentes de executar, priorizando segundo as necesidades detectadas nos distintos Servizos municipais, aos efectos de garantir a cobertura orzamentaria dos gastos previstos no Capítulo I do Orzamento de Gastos no vindeiro ano 2020.

Deste xeito, tendo en conta os créditos dos postos vacantes, a execución das OEPs pendentes ao longo do ano 2020 e seguintes e a previsión de gastos a realizar no Capítulo I, está garantida ata a data do presente informe as previsións de execución e a correcta xestión do Capítulo I de Gastos do vixente orzamento xeral.”

Non obstante, e considerando a obxección indicada no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.



## Concello de Vigo

### V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Diplomado/a en Traballo Social, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificadas a listaxes indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento, con cargo ás prazas vacantes de Diplomadas en Traballo Social incluídas nas OEP 2017 (unha praza) e 2019 (catro prazas), de: D<sup>a</sup> Ana Belén Fernández Iglesias, con DNI \*\*\*1210\*\*, D<sup>a</sup> Elena Vázquez Otero, con DNI \*\*\*9104\*\*, D<sup>a</sup> Carmen Moreira Souto, con DNI \*\*\*1031\*\*, D<sup>a</sup> María Estévez Bao, con DNI \*\*\*6739\*\* e D<sup>a</sup> Begoña Martínez Fernández, con DNI \*\*\*3412\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

As mesmas aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos nomeamentos interinos con cargo a vacante segundo o disposto no artigo 10.1 a) do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público, acreditando nesta Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e da Sra. Concelleira-Delegada da Área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019, 26/06/2019 e 02/09/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019, 04/07/2019 e 05/09/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia para proceder a provisión interina con cargo a vacante de **cinco diplomados/as en traballo social** correspondentes ás Ofertas de Emprego Público 2017 (unha praza) e 2019 (catro prazas), ao abeiro do exposto no artigo 10.1.a) do TREBEP e, en consecuencia, autorizar o gasto de **21.412,28 €** (dos que **16.225,28 €** corresponden a retribucións e, **5.187,00 €** a seguridade social a cargo da Empresa).

Dito custo para o exercicio 2019 imputarase con cargo ao programa orzamentario 231.0, partidas orzamentarias: 120.0100 (soldo base), 121.0001 (complemento destino), 121.0101 (complemento específico) e 160.0000 (seguridade social a cargo da empresa).

**SEGUNDO:** Nomear funcionarias interinas, como Diplomadas en Traballo Social con cargo ás prazas vacantes das OEP 2017 e 2019 a D<sup>a</sup> Ana Belén Fernández Iglesias, con DNI

\*\*\*1210\*\*, D<sup>a</sup> Elena Vázquez Otero, con DNI \*\*\*9104\*\*, D<sup>a</sup> Carmen Moreira Souto, con DNI \*\*\*1031\*\*, D<sup>a</sup> María Estévez Bao, con DNI \*\*\*6739\*\* e D<sup>a</sup> Begoña Martínez Fernández, con DNI \*\*\*3412\*\*, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.a) do TREBEP, extingúndose automaticamente no momento en que se cubra definitivamente ditas prazas, previa resolución dos procedementos selectivos, competitivos e públicos incluídos nas Ofertas de Emprego correspondentes aos anos 2017 e 2019, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 81-diplomado/a en traballo social

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/as funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou en xornada de tarde se así o precisasen as necesidades do servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo ás aspirantes nomeadas, a xefatura de Benestar Social, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, a Intervención Xeral, e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.



## Concello de Vigo

### **18(1048).- NOMEAMENTO INTERINO BAIXO A MODALIDADE DO ART. 10.1.D) DO TREBEP, 7 OFICIAIS DE INTALACIÓNS MUNICIPAIS E 7 PEÓNS PARA O SERVIZO DE DEPORTES. EXPTE. 34874/220.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 27/11/19, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de administración xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1.- Con data 03/10/2019, o Xefe do servizo de Deportes coa conformidade do concelleiro-delegado do servizo de Deportes, remite oficio manifestando a urxente necesidade de vinte oficiais de instalacións municipais para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, a concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, mediante instrución de servizo de data 04/11/2019 solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de sete oficiais de instalacións municipais e sete operarios peóns, por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 21/11/2019, emítese pola Técnica de avaliación e formación de recursos humanos informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

#### **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

##### **I.- Lexislación aplicable**

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

*“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

#### **"FD CUARTO.-**

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo***



## Concello de Vigo

***tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”***

### **II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:**

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300-oficial de instalacións municipais e posto cód. 158-operario peón), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 31808-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2019) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estes efectos "Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas."

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

### **III.- Xustificación da necesidade e urxencia:**

Segundo consta no escrito do Xefe do servizo de Deportes, e a instrución de servizo na que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

### **IV. - Proposta de gasto:**

Segundo o informe técnico-económico emitido pola técnica de avaliación e formación de recursos humanos, que consta no expediente, os nomeamentos interinos propostos por un período máximo de seis meses de 7 oficiais de instalacións municipais e 7 operarios peóns para o Servizo de Deportes, e tendo en conta o nomeamento o 1 de decembro de 2019, supón un gasto de **168.769,14 €**, dos que 27.179,56 corresponden ao presente exercicio, e 141.589,57 € ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **59.641,71 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 9.477,26 €, corresponden ao presente exercicio e 50.164,45 € ao vindeiro exercicio 2020.





## Concello de Vigo

O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000, sendo, no caso de realizarse ditos nomeamentos no mes de decembro 2019, de imputación ao exercicio 2019 o custo de 1 mes e 5 meses ao vindeiro ano 2020.

Se fai constar no referido informe:

*“ En canto ao pronuncionamento expreso requerido en relación a disponibilidade orzamentaria para afrontar os costes retributivos e de seguridade social así como o impacto na xestión económica do Capítulo I, con respecto ao orzamento do presente ano, a aplicación 92001400000 conta cun saldo a data de hoxe de 209 916,20€, segundo figura no programa SICAL, habendose realizado autorizacións de gasto por importe de 3.482.726,82€, descoñecendo a existencia doutros expedientes en tramitación aínda non consignados na correspondente partida. Polo tanto existiría disponibilidade orzamentaria para o gasto imputable ao exercicio 2019, tanto no referente a retribucións como gastos de seguridade social.*

*Con respecto ao gasto imputable ao ano 2020 non é posible o pronunciamiento requirido, toda vez que no Informe técnico de data 07/10/2019, de sostibilidade do borrador técnico do Capítulo I de gastos 2020 incorporado ao expte 33833-220, indicase textualmente:*

*“1.- Contéplase un crédito inicial de 767,629,27€ na aplicación orzamentaria 92001400000. O gasto da referida partida ven experimentando un importante incremento ano tras ano, dado o elevado número de vacantes existentes, o que fai imprescindible o nomeamento de persoal interino por acumulación de tarefas ou por programas, a fin de garantir a correcta prestación do servizo público.*

*Dita cantidade correspóndese co gasto comprometido ata a data para o ano 2020 con cargo a dita aplicación orzamentaria, correspondente a nomeamentos interinos por acumulación de tarefas que finalizan o vindeiro ano e nomeamentos interinos por programas de acordo co artigo 10, apartado 1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.*

*Dita aplicación dótese cunha contía inicial para dar cobertura ao gasto xa comprometido ata a data, debendo ser realizadas as modificacións orzamentarias necesarias e posibles con cargo aos créditos non consumidos dos postos vacantes previo o inicio da tramitación de nomeamentos interinos a realizar no ano 2020.*

*Recordar que as cantidades referidas aos créditos dos postos vacantes veranse reducidas en función das execución das ofertas de emprego pendentes e, que será utilizable como recursos para a tramitación das preceptivas modificacións orzamentarias para complementar esta e outras aplicacións co obxecto de dotalas de recursos necesarios e suficientes para dar cobertura ás necesidades que xeran os acordos adoptados.*

*Indicar tamén que o crédito xa comprometido a data de hoxe na presente aplicación para o ano 2021 e 2022 é de 164.976,80 € e 89.587,89 €, respectivamente”*

*A cantidade a imputar ao vindeiro exercicio económico xa ven sendo encrementada dende a data de sinatura do informe anterior pola tramitación de novos expedientes de nomeamentos interinos baixo a modalidade do art. 10.1.D) do TREBEP que implican gasto con cargo ao orzamento do vindeiro exercicio.*

*Polo tanto, ao descoñecese a planificación da execución das ofertas de emprego pendentes e/ou da cobertura das mesmas por outros procedementos legalmente previstos como interinaxes con cargo a praza vacante ou comisions de servizo, e polo tanto non ser posible realizar a estimación dos créditos dispoñibles de postos vacantes no ano 2020 para a realización das pertinentes modificacións de crédito tanto a aplicación orzamentaria 92001400000 como as outras partida nas que se prevee un gasto maior ao presupuestado no caso de manterse os actuáis escenarios de gasto (aplicacións 92001500000, 9201510000, 92001430001 e 22101610400 entre outras) non é factible a realización do pronunciamento expreso solicitado, indicando de todos os xeitos, que dado o elevado número de postos vacantes e a extensión no tempo da posible execución das ofertas de emprego pendentes é posible a existencia de créditos non utilizados de postos vacantes para a cobertura do gasto proposto no presente expediente no ano 2020”*

Non obstante, e considerando a obxección indicada no informe técnico sobre a necesidade de dotación orzamentaria en vindeiros exercicios, solicítase expresamente, que este aspecto se contemple de xeito claro e específico no preceptivo informe de fiscalización.

#### **V. - Verificación das listas de reserva:**

Segundo consta no Informe de verificación administrativa que obra no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficiais de Instalacións Municipais e Operarios Peóns, existen listaxes vixentes con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Oficiais de instalacións municipais e como Operarios Peóns:

DNI	NOME	APELIDOS		CATEGORÍA
***9498**	A.	VIGO	BAO	PEÓN
***7402**	R.	SEOANE	LIBERATA	PEÓN
***7395**	T.	PEREZ	TIZON	PEÓN
***3379**	J.	SANCHEZ	FIGUEROA	PEÓN
***2088**	A.	LOPEZ	COSTAS	PEÓN
***1656**	J. F.	ARGIBAY	GARCIA	PEÓN
***5088**	C.	GARCIA	VELOSO	PEÓN
***9204**	J. M.	LAGO	GUERRA	OF. INSTALACIÓNS
***2719**	R.	RIVEIRO	MONTES	OF. INSTALACIÓNS
***2157**	J. F.	PASTORIZA	ROZAS	OF. INSTALACIÓNS
***5671**	J.	COIDO	RICO	OF. INSTALACIÓNS
***1070**	E.	ALONSO	FERREIRA	OF. INSTALACIÓNS
***8548**	I.	COMESAÑA	FERNANDEZ	OF. INSTALACIÓNS
***3589**	R.	ROMERO	ALONSO	OF. INSTALACIÓNS

De conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos



## Concello de Vigo

proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente mediante escritos que constan anexados ao expediente optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

### VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleira-delegada da área de empresa, economía, seguridade e organización municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos de alcaldía en datas 18/06/2019 e 26/06/2019 e por acordos da xunta de goberno local de datas 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**PRIMEIRO:** Declarar a urxencia no nomeamento de catorce funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **7 oficiais de instalacións municipais e 7 operarios peóns**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do servizo de deportes contidas no escrito do 03/10/2019 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **168.769,14 €**, dos que 27.179,56 corresponden ao presente exercicio, e 141.589,57 € ao vindeiro exercicio 2020, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **59.641,71 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, dos que 9.477,26 €, corresponden ao presente exercicio e 50.164,45 € ao vindeiro exercicio 2020, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

**SEGUNDO:** Nomear como funcionarios/as interinos/sa por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, como **oficiais de instalacións municipais e como operarios-peóns** a:

DNI	NOME	APELIDOS		CATEGORÍA
***9498**	A.	VIGO	BAO	PEÓN
***7402**	R.	SEOANE	LIBERATA	PEÓN
***7395**	T.	PEREZ	TIZON	PEÓN
***3379**	J.	SANCHEZ	FIGUEROA	PEÓN
***2088**	A.	LOPEZ	COSTAS	PEÓN
***1656**	J. F.	ARGIBAY	GARCIA	PEÓN

DNI	NOME	APELIDOS		CATEGORÍA
***5088**	C.	GARCIA	VELOSO	PEÓN
***9204**	J. M.	LAGO	GUERRA	OF. INSTALACIÓNS
***2719**	R.	RIVEIRO	MONTES	OF. INSTALACIÓNS
***2157**	J. F.	PASTORIZA	ROZAS	OF. INSTALACIÓNS
***5671**	J.	COIDO	RICO	OF. INSTALACIÓNS
***1070**	E.	ALONSO	FERREIRA	OF. INSTALACIÓNS
***8548**	I.	COMESAÑA	FERNANDEZ	OF. INSTALACIÓNS
***3589**	R.	ROMERO	ALONSO	OF. INSTALACIÓNS

Na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

**TERCEIRO:** Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300-Oficial de instalacións municipais e posto cód. 158- operario-peón), sendo adscritos/as ao servizo de deportes, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

**CUARTO:** Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

**QUINTO:** Notificar o presente acordo aos/ás aspirantes nomeados/as, á Xefe de deportes, á Intervención Xeral, á Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

## **Acordo**



## Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **18(1049).- ROGOS E PREGUNTAS**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE  
Abel Caballero Álvarez